

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2017 DE NÚM. 2/2017.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE:

1.-	Aprobación, se procede, da acta Nº 1/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 27 de xaneiro de 2017.....	Páx. 3.
2.-	Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	Páx. 3.
3.-	Dación de conta dos Informes de Morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2016.....	Páx. 12.
4.-	Dación de conta do Expediente para a contratación das obras de emerxencia necesarias para a reparación dos danos provocados polo temporal no Auditorio Municipal de Lalín.....	Páx. 13.
5.-	Expediente de Modificación de Créditos. Crédito Extraordinario Nº 1-P/2017.....	Páx. 13.
6.-	Expediente de Modificación de Créditos. Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito Nº 2-P/2017.....	Páx. 16.
7.-	Expediente de Modificación de Créditos. Suplemento de Crédito Nº 3-P/2017.....	Páx. 21.
8.-	Expediente de Bonificación da Taxa por prestación do Servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.....	Páx. 24.
9.-	Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se tomen medidas para o reforzo do persoal da xestión no Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra con vistas a que se reduza a espera na tramitación de expedientes.....	Páx. 25.
10.-	Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á Deputación Provincial de Pontevedra colaboración para sufragar os gastos derivados do arranxo dos graves danos que sufriu o Auditorio Municipal a causa do temporal.....	Páx. 27.
11.-	Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle á Deputación Provincial a inclusión do Camiño de Inverno nas Estratexias turísticas de promoción dos Camiños de Santiago pola Provincia.....	Páx. 32.
12.-	Moción do PP para instar ao Grupo de Goberno a que negocie coa Deputación de Pontevedra uns prezos sociais para o Viveiro de Empresas de Lalín.....	Páx. 35.
13.-	Moción do PP para instar ao Goberno Municipal de Lalín a que retome as negociacións cos responsables da UNED de Pontevedra para volver a por en marcha a aula asociada de Lalín para o curso 2017-2018.....	Páx. 41.
14.-	Moción do PP para solicitar á Real Academia Galega a dedicación do “Día das Letras Galegas” a Manuel Daniel Varela Buxán.....	Páx. 47.
15.-	Moción do Concelleiro non adscrito solicitando a implantación no Concello de Lalín do rexistro electrónico, consultas electrónicas e habilitación da sinatura electrónica aos traballadores municipais.....	Páx. 52.
16.-	Moción do PP para solicitar á Deputación un Protocolo de Actuación Especial para facer fronte aos danos producidos polos temporais. Trámite urgente.....	Páx. 58.
17.-	Rogos e preguntas.....	Páx. 62.

Sendo as nove horas do xoves, **día 24 de febreiro de 2017**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores Concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 1/2017, DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2017.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº 1/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 27 de xaneiro de 2017.

De seguido o *Sr. Presidente* preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

A Concelleira popular, *D^a. María Paz Pérez Asorey* formulou unha observación acerca dunha intervención que se lle atribuíu a ela e que fora dita pola Concelleira popular *D^a. Raquel Lorenzo Fernández* na moción do PP para promover a instalación dunha caldeira no Auditorio de Vilatuxe, punto sétimo da Orde do Día. Dita intervención dicía: *“Buscaban coa moción que se garantise a inversión no Auditorio e que se fixese así unha realidade”*. A mesma constaba recollida na páxina 28 da acta e correspondía ao dito por *D^a. Raquel Lorenzo Fernández*. Por un erro formal, non estaba no lugar axeitado da acta.

Trala observación formulada, corrixindo esta cuestión, que xa figuraba no punto 7 da Orde do Día, acordouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobar a acta Nº 1/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 27 de xaneiro de 2017, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2016.-

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2016 elaborados pola Tesourería Municipal.

De seguido o Sr. *Secretario* procedeu a resumir o contido dos ditos informes referidos ao cuarto trimestre do ano 2016 do PMP.

Seguidamente, o **Pleno da Corporación**:

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre de 2016, emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao cuarto trimestre de 2016, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 17 días e a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 13 días.

Cuarto.- O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao cuarto trimestre de 2016 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 12 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 18 días.

O Concello Pleno quedou enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EMERXENCIA NECESARIAS PARA A REPARACIÓN DOS DANOS PROVOCADOS POLO TEMPORAL NO AUDITORIO MUNICIPAL DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta do Expediente para a contratación das obras de emerxencia necesarias para a reparación dos danos provocados polo temporal no Auditorio Municipal de Lalín, que consta de:

- Informe-Memoria de actuacións previas e inaprazables de reparacións no

Auditorio Municipal de Lalín de data 8 de febreiro de 2017, elaborado polo Arquitecto Técnico Municipal, D. Antonio Bernárdez Nogueira.

-Informe-Memoria de actuacións de emerxencia e inaprazables de reparacións no Auditorio Municipal de Lalín de data 8 de febreiro de 2017, elaborado polo Arquitecto Técnico Municipal, D. Antonio Bernárdez Nogueira.

- Informe de Secretaría relativo á Contratación das Obras de Emerxencia necesarias para a reparación dos danos provocados polo temporal no Auditorio Municipal de Lalín de data 9 de febreiro de 2017, elaborado polo Secretario Xeral, D. César López Arribas.

- Informe de Intervención de fiscalización sobre a tramitación de emerxencia das Obras de Cubrición no Auditorio Municipal de data 9 de febreiro de 2017, elaborado pola Interventora Municipal, D^a. Marta Oviedo Creo.

- Decreto da Alcaldía de data 9 de febreiro de 2017.

- Notificación a Construcciones Taboada y Ramos S.L. (registro de saída municipal número 644 de data 9 de febreiro de 2017) do Decreto da Alcaldía de data 9 de febreiro de 2017.

O Concello Pleno quedou enterado.

5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1-P/2017.-

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Alcaldía de data 13 de febreiro de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 20 de febreiro de 2017.***

Defendeu a proposta, a Concelleira Delegada de Facenda, ***D^a Teresa Varela Fisteus***. Explicou que como consecuencia do temporal acaecido durante os días 2,3 e 4 do mes de febreiro de 2017, era necesario realizar unha obra de emerxencia para cubrir o Auditorio Municipal, colocando unha lona sobre tablóns de madeira, retirar o falso teito, os vidros e a carpintería metálica afectada, repoñer os vidros rotos e xestionar os residuos.

Para poder acometer ditas obras había que habilitar crédito. Por iso se incoaba este Expediente crédito extraordinario por un importe de 54.276,05 (IVE incluído) euros.

O contrato administrativo xa estaba adxudicado, porque ao ser unha emerxencia non era necesario crédito para a contratación nin para acortar prazos. Ao aprobarse, xa entraría inmediatamente en vigor.

Tal e como constaba nos informes, cumpríase co obxectivo da estabilidade orzamentaria, coa regra de gasto e co límite da débeda.

O Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García***, manifestou estar de acordo coa proposta e que por iso, votaría a favor da mesma.

Dende o PP, ***D. José Antonio Rodríguez Fernández***, dixo non ter nada que

obxectar sobre a emerxencia. Explicou que durante a sesión das Comisións Informativas solicitaron unha Memoria dos traballos que se ían realizar para complementar o Expediente de modificación de Créditos.

Manifestou a conformidade do seu grupo coa proposta, de tal xeito que votarían a favor.

Sometido a votación ordinaria o Expediente e a Proposta de Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a Proposta da Alcaldía e o Expediente de Modificación de Créditos, Crédito Extraordinario Nº 1-P/2017, co seguinte contido:

Por Decreto desta Alcaldía, de data 9 de febreiro de 2017, dispuxen declarar e aprobar a tramitación de emerxencia, de acordo co disposto no artigo 113, do TRLCSP, do contrato administrativo de obras denominado "OBRAS DE EMERXENCIA DE CUBRICIÓN NO AUDITORIO MUNICIPAL" de acordo coa memoria realizada polo Arquitecto Técnico municipal D. Antonio Bernárdez Nogueira, de data 8 de febreiro de 2017, sendo o orzamento de execución destas obras de emerxencia 54.276,05 € (IVE incluído), con prazo de execución dun mes.

Así mesmo, dispuxen adxudicar o contrato á empresa Construcciones Taboada y Ramos, S.L. polo citado importe e, tendo en conta que no orzamento municipal vixente non existe crédito para a execución de ditas obras, ordenei incoar o correspondente expediente de modificación de créditos, de Crédito Extraordinario para habilitar crédito para atender a dito gasto.

Incóase expediente de Crédito Extraordinario Nº 1-P/2017, con destino a gastos específicos e determinados a financiar mediante baixas de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realiza-los gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello e co obxecto de dotar de crédito para a execución das "OBRAS DE EMERXENCIA DE CUBRICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL", de acordo coa memoria realizada polo Arquitecto Técnico municipal D. Antonio Bernárdez Nogueira, de data 8 de febreiro de 2017, sendo o orzamento de execución destas obras de emerxencia 54.276,05 € (IVE incluído).

O obxectivo deste expediente é habilitar crédito para a execución destas obras declaradas de emerxencia, xa que como consecuencia do temporal de vento e choiva acaecido durante o días 2, 3 e 4 do presente mes de febreiro producíronse diversos danos no edificio do Auditorio municipal de Lalín. Os danos mais graves, segundo informe-memoria das actuacións previas e inaprazables de reparacións no Auditorio municipal e o informe-memoria das actuacións de emerxencia a realizar no mesmo, emitidos polo Arquitecto Técnico municipal, D. Antonio Bernárdez Nogueira con data do 8 de febreiro de 2017, foron o levantamento da cuberta do salón Tuno Valdés.

Como consecuencia deste temporal é necesario realizar determinadas actuacións de emerxencia e inaprazables, consistentes na realización das obras de cubrición do Auditorio, para garantir a estanquidade do conxunto.

Tendo en conta o exposto, é necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2016 prorrogado para o 2017, achegándose a este expediente o expediente de tramitación de emerxencia das obras de cubrición do Auditorio municipal, sendo necesario aprobar un crédito extraordinario.

Á vista do exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras aplicacións non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
333.632.23	Equipamentos culturais e museos Obras de emerxencia de cubrición no Auditorio Municipal	54.276,05
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		54.276,05 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
135.130.00	Protección Civil Laboral fixo. Retribucións básicas	25.000,00
135.130.02	Protección Civil Laboral fixo. Outras remuneracións	29.276,05
TOTAL BAIXAS		54.276,05 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que o acordo de aprobación deste expediente de modificación de créditos, que ten por obxecto habilitar crédito para a realización dunha obra da cal a tramitación do contrato administrativo foi declarada e aprobada a tramitación de emerxencia, se declare inmediatamente executivo, ao abeiro do disposto no artigo 177.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal:

“6. Los acuerdos de las entidades locales que tengan por objeto la habilitación o suplemento de créditos en casos de calamidades públicas o de naturaleza análoga de excepcional interés general, serán inmediatamente ejecutivos, sin perjuicio de las reclamaciones que contra ellos se promovieran, las cuales deberán sustanciarse dentro de los ocho días siguientes a la presentación, entendiéndose desestimadas de no notificarse su resolución al recurrente dentro de dicho plazo.”

6.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2-P/2017.-

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Alcaldía de data 14 de febreiro de 2017. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 20 de febreiro de 2017.***

Dende o goberno, a Concelleira Delegada de Facenda, ***Dª Teresa Varela Fisteus***, dixo que tras habilitar as correspondentes aplicacións orzamentarias para renovar as marcas de LKM0 e os seus logotipos e a marca Lalín Pork Art, por un período de dez anos e por importe de 4.289,45 euros. Agora tratábase de suplementar as correspondentes aplicacións orzamentarias destinadas concesión dunha subvención nominativa á Asociación ASPADEZA por importe de 3.000 euros e para a XXIXª Feira do Cabalo de Lalín por importe de 6.000 euros.

O Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** indicou que ía escoitar o debate. Preguntou se dentro do Lalín Arena se ía realizar algún acto relacionado coa Feira do Cabalo.

D. Nicolás González Casares contestou que non se ía realizar actividade algunha relacionada coa Feira do Cabalo dentro do Lalín Arena.

Continuou ***D. Juan José Cruz García*** coa súa quenda e mostrouse satisfeito con que se potenciase o ocio en Lalín coa Feira do Cabalo e outras actividades. Non vía impedimento para votar a favor da proposta.

Dende o PP, o voceiro popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** explicou que con respecto á modificación de créditos para abonar a propiedade intelectual de patentes e

marcas de LKMO E Lalín Pork Art, non tiñan nada que dicir, porque non vían inconveniente.

No tocante á subvención nominativa a ASPADEZA preguntou se, con posterioridade, esta Asociación podería optar a outra subvención que sempre se lle viña dando por actividades. Da exposición da Concelleira Delegada deducíase que non ían optar a outra subvención.

Contestou **D. Nicolás González Casares** explicando que o ano anterior se lle concederon a ASPADEZA dúas subvencións: unha nominativa e outra por concorrencia competitiva dunha liña de subvencións para entidades sen ánimo de lucro.

Á hora de xustificar as dúas subvencións, a Asociación tivo certos problemas porque debían xustificar gastos moi similares en ambas. Por iso, ás veces non distinguían que gastos eran para xustificar cada subvención. Para xustificar a subvención como entidade sen ánimo de lucro, dende ASPADEZA propuxeron un Plan de Emprego. Por tal motivo, chegouse a un acordo entre o Concello e a Asociación ASPADEZA para aumentar a subvención nominativa.

Non participaban na subvención por concorrencia competitiva. Deste xeito, equilibraban os ingresos obtidos coas subvencións; pero os obtían de forma nominativa, polo que non tiñan que participar no proceso de concorrencia competitiva. Así, garantía que ASPADEZA recibía unha subvención de importe superior.

D. Xosé Crespo Iglesias preguntou se o que se facía era fusionar as dúas subvencións nunha soa.

D. Nicolás González Casares contestou que se aumentaba a subvención nominativa a ASPADEZA e continuábase ofertando o proceso de concorrencia competitiva, ao cal non se podería presentar dita Asociación. Iso era o acordo ao que chegaron.

No relativo á modificación de créditos para a Feira do Cabalo, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que falou co Presidente da Asociación de Cabaleiros de Lalín, **D. José Cuñarro**, quen lle pediu o apoio do seu partido para facer unha “*Feira do Cabalo extraordinaria*”. A intención do Presidente era trasladar a Feira do Cabalo para a zona do Mercado de Gando, sita nas inmediacións do Lalín Arena.

Ademais da Feira do Cabalo quería facer un Festival e un evento máis cerca do pobo, porque no Polígono estaba moi lonxe e a poboación aproveitábase pouco do evento. Ao parecer **D. José Cuñarro** solicitou no Concello 19.000 euros. Había 10.000 euros no presuposto do ano pasado e ao concederlle 6.000 euros, eran un total de 16.000 euros. Preguntou entón se o presuposto eran ou non 19.000 euros, como lle dixo **D. José Cuñarro**.

Contestou o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, sinalando que acordou co Presidente da Asociación de Cabaleiros de Lalín, **D. José Cuñarro**, o presuposto de 6.000 euros co IVE incluído. Ao parecer el entendeu que eran 6.000 euros sen IVE. Nese importe estaría a diferenza de orzamento á que se estaba a referir o voceiro popular.

D. Xosé Crespo Iglesias insistiu en que o Presidente da Asociación de Cabaleiros de Lalín, **D. José Cuñarro** non lle dixo iso, polo que falaría de novo con el para ver se era necesario un suplemento de crédito. Dende o seu grupo apoiaban a Feira do Cabalo pero crían que podía dinamizar moito máis o pobo de Lalín, e consideraba que **D. José Cuñarro** era un bo organizador de eventos.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** matizou que non só había un bo organizador, senón que dende o goberno se apoiaban estas iniciativas.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que dende a oposición tamén apoiaban estas iniciativas. De feito na actualidade o goberno estaba en minoría e se a oposición integrada polo Partido Popular e o Concelleiro non adscrito non apoiaban estas iniciativas, non saírían adiante.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que sabía que o PP e o Concelleiro non adscrito eran unha coalición. No goberno tamén estaban en coalición.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** preguntou se non había unha segunda quenda de palabra.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, contestou que se quería falar, adiante.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** pediulle que non falase de coalición no tocante á súa persoa.

Neste momento non se estaba a falar de ningunha elección municipal nin de ningún pacto. Estábase falando dunha Asociación e dunha modificación de créditos.

Explicou que falou con **D. José Cuñarro** e por iso na súa anterior exposición fixo referencia ao Lalín Arena. A pesar de que el entendeu que a Feira do Cabalo ía ser dentro do Lalín Arena, era fóra no aparcamento, polo que estaba a ver.

Cando se xestionaban fondos públicos era idea do goberno que as actividades tiñan que dinamizar o ocio. Por iso consideraba axeitado que as actividades como a Feira do Cabalo debían favorecer esa dinamización e pediu que se negociase con estas Asociacións.

Considerou que se estaban obviando e paralizando cuestións aprobadas en sesión plenaria e a poboación debía sabelo. Por exemplo, referiuse á moción aprobada para fondos para as Bandas. Nas negociacións, cada un debía usar os argumentos que considerase oportunos. Ademais, dependía de apoios para acadar os seus obxectivos.

Tras rematar a súa intervención, o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** preguntoulle se quería dicir algo.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** recriminou as faltas de respecto reiteradas cara a súa persoa e o feito de *“facer a tontería circense de que non o estaba escoitando e despois pensar que a quenda non pasou”*. Dixo que o Sr. Alcalde xa non ía polas parroquias tanto coma antes e preguntoulle se xa non se sentía forte, coma antes, para resistir a presión dos veciños.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, contestou que lle parecía increíble que un concelleiro que *“nin aparecía por aquí, lle falase a el de ir ás parroquias”*.

Sometido a votación ordinaria o Expediente e a Proposta de Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a Proposta da Alcaldía e o Expediente co seguinte contido:

Incoado por Decreto da Alcaldía-Presidencia expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 2-P/2017, con destino a gastos específicos e determinados a financiar mediante baixas doutras aplicacións, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de habilitar a correspondente aplicación orzamentaria co crédito necesario para a renovación das marcas LKM0 e o seu logotipo e a marca “LALÍN PORK ART” das que a súa protección remata neste ano.

Por outra parte, tamén se propón complementar o crédito das correspondentes aplicacións orzamentarias para a concesión de subvencións nominativas á Asociación Aspadeza para a desenvolvemento de accións de mercado carácter social e á Asociación de Cabaleiros do Deza destinada á realización da XXIXª Feira do Cabalo de Lalín que se celebrará os días 29 e 30 de abril de 2017.

O obxectivo deste expediente é dotar e complementar as correspondentes aplicacións orzamentarias destinadas á renovación de marcas e á concesión das subvencións nominativas citadas para adaptalas a necesidades xurdidas no presente exercicio, segundo o exposto na documentación que se achega a este expediente; tendo en conta o exposto, é necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2016 prorrogado para o 2017, achegándose a este expediente a proposta de renovación de marcas do Concelleiro delegado de Novas Tecnoloxías, a proposta do Concelleiro delegado de Servizos Sociais relativa á subvención nominativa á entidade ASPADEZA e a solicitude de colaboración para a celebración da XXIXª Feira do Cabalo de Lalín.

Á vista da dotación orzamentaria vixente nas correspondentes aplicacións do orzamento do exercicio 2016, prorrogado para o 2017, no que non existe crédito para

a renovación de marcas sería necesario dotar a correspondente aplicación orzamentaria co crédito axeitado para este fin.

Así mesmo, tendo en conta que no orzamento do exercicio 2016, prorrogado para o 2017 se prevén subvencións nominativas á entidade ASPADEZA por importe de 7.000 € e á Asociación de Cabaleiros do Deza por importe de 10.000 €, sería necesario suplementar o crédito previsto para a concesión de subvención a ASPADEZA por importe de 10.000 € e á Asociación de Cabaleiros do Deza por importe de 16.000 €.

Á vista do anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutras aplicacións non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
920.640.05	Administración Xeral. Propiedade industrial. Patentes e marcas	4.289,45

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 4.289,45 €

1.2- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
231.489.11	Asistencia Social Primaria	3.000,00
431.1.489.28	Subvención asociación Aspadeza Feiras. Subvención Asociación Cabaleiros do Deza	6.000,00

TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 9.000,00 €

A aprobación da modificación proposta leva consigo a modificación das Bases de Execución do Orzamento polo que se refire á contía das subvencións afectadas pola modificación.

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:
A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non

comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
132.120.03	Seguridade e orde pública. Salario básico funcionarios Grupo C1	6.000,00
132.121.00	Seguridade e orde pública. Complemento de Destino	4.289,45
231.489.25	Asistencia Social Primaria Axudas sociais a familias	3.000,00

TOTAL BAIXAS: 13.289,45 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de Modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

7.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 3-P/2017.-

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Alcaldía de data 16 de febreiro de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 20 de febreiro de 2017.***

Dende o goberno, a Concelleira Delegada de Facenda, ***Dª. Teresa Varela Fisteus***, explicou que este Expediente de modificación de Créditos respondía á necesidade de complementar o crédito da aplicación orzamentaria destinado á concesión dunha subvención nominativa á Escudaría Lalín Deza para levar a cabo o XXIIIº Ralli do Cocido, de tal xeito que a subvención ascendía dos 6.000 aos 8.000 euros.

Dito suplemento orzamentario estaba xustificado porque este ano o Ralli do Cocido

era unha proba de pre-inspección para o Campionato de España de Rallies de Asfalto, polo que a organización tiña que reforzar os requisitos de seguridade e o control técnico da proba. Isto supuña un incremento dos gastos por iso se debía suplementar o crédito en 2.000 euros.

Pola súa banda, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** dixo que toda a dinamización do pobo era correcta. Manifestou que votaría a favor.

Dende o PP, **D. José Antonio Varela Quintela**, mostrou a súa conformidade coa proposta e o expediente. Considerou que o suplemento orzamentario incentivaba o evento e era bo para o pobo.

Sometido a votación ordinaria o Expediente e a Proposta de Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** o Expediente e a Proposta da Alcaldía co seguinte tenor:

Incoado por Decreto da Alcaldía-Presidencia expediente de Suplemento de Crédito número 3-P/2017 , con destino a gastos específicos e determinados a financiar mediante baixas doutras aplicacións, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

Trátase de suplementar o crédito da aplicación orzamentaria destinada á concesión de subvención nominativa á Escudaría Lalín Deza para a desenvolvemento do XXIIIº Ralli do Cocido que se celebrará os próximos días 3 e 4 de marzo. O obxectivo deste expediente é adaptar a dotación desta subvención nominativa a necesidades xurdidas no presente exercicio, no que esta proba dezana aborda unha prescrición para a súa inclusión no futuro no Campionato de España de Rallies. Achégase a este expediente a proposta do Concelleiro delegado de Deportes, xustificativa da necesidade da modificación orzamentaria.

Tendo en conta que no orzamento do exercicio 2016 prorrogado para o 2017 se prevé unha subvención nominativa á Escudaría Lalín Deza por importe de 6.000 €, sería necesario suplementar o crédito previsto para a concesión da subvención por importe de 8.000 €.

Polo anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutras aplicacións non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
341.489.12	Promoción e fomento do deporte. Subv. Rally do Cocido-Escudaría Lalín Deza	2.000,00

TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 2.000,00 €

A aprobación da modificación proposta leva consigo a modificación das Bases de Execución do Orzamento polo que se refire á contía das subvencións afectadas pola modificación.

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
341.130.02	Promoción e fomento do deporte Laboral fixo. Outras remuneracións	2.000,00

TOTAL BAIXAS: 2.000,00 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo, polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de Modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

8.- EXPEDIENTE DE BONIFICACIÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANOS.-

A Presidencia deu conta do Expediente de Bonificación da Taxa por prestación do Servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos e da proposta do Concelleiro de Benestar Social, D. Nicolás González Casares, de data 14 de febreiro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 20 de febreiro de 2017.***

O Concelleiro Delegado **D. Nicolás González Casares** explicou que a bonificación da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos debía revisarse trimestralmente e levarse ao Pleno para dar conta e efectuar a votación.

Sen máis dilación no debate procedeuse a efectuar a votación da proposta.

Sometido a votación ordinaria o Expediente e a Proposta do Concelleiro Delegado de Benestar Social, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** o Expediente do seguinte tenor:

O Concello de Lalín, en virtude da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das Taxas Estatais e Locais, establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, sendo suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria.

No artigo 5 da Ordenanza, de acordo coa modificación da mesma publicada no Boletín Oficial da Provincia de 17 de decembro de 2013, establécense as tarifas da taxa en relación coa vivenda, distinguindo entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial, así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social.

Unha vez achegada a documentación, que xustifique a pertenza a cada un dos colectivos, producirá efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación. Así mesmo todos os colectivos deberán de presentar antes da finalización do primeiro trimestre a documentación acreditativa da situación que da lugar á aplicación da tarifa.

Efectuada dita presentación e revisión dos expedientes por parte dos/as traballadores/as sociais, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos de acordo cos informes técnicos que se achegan.

9.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA QUE SE TOMEN MEDIDAS PARA O REFORZO DO PERSOAL DE XESTIÓN NO SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA CON VISTAS A QUE SE REDUZA A ESPERA NA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de febreiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 15 de febreiro de 2017 co número 1086. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 20 de febreiro de 2017.***

O Tenente de Alcalde, ***D. Nicolás González Casares*** defendeu a moción. Respondía ao feito de que, dende había tempo, viñan detectando que os expedientes en Patrimonio e na Provincia de Pontevedra con maior diferenza coas demais provincias, se atrasaban no tocante á tramitación.

A finalidade era solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se tomasen medidas para reducir a espera en dita tramitación administrativa debida sobre todo, á falta de persoal.

Polo ben de todos os Concellos da Provincia, non só do Concello de Lalín, era necesario reforzar o persoal do Servizo de Patrimonio. Axilizar este Servizo era favorable tamén para que a poboación mellorase a percepción do mesmo e do Patrimonio.

Na súa quenda o Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** só dixo que facía súas as palabras de D. Nicolás González Casares.

Dende o Partido Popular, o voceiro ***D. Xosé Crespo Iglesias*** manifestou que lles parecía unha moción tan "*esperpéntica*", que nin sequera ían falar dela. Soamente ían proceder a votar, sen entrar en debate.

Non obstante, o Tenente de Alcalde, ***D. Nicolás González Casares*** pediu unha segunda quenda de palabra. Xa nesta salientou que se detectaron casos recentes, de persoas que necesitaban solicitar un préstamo hipotecario, e aparecía un elemento patrimonial que non estaba no PXOM durante anos. Iso provocaba que non se puidese incluso chegar a pedir a hipoteca. Por dito prexuízo aos cidadáns tamén era importante reducir os tempos na tramitación de expedientes en Patrimonio.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

A Lei 5/2016 do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia establece as liñas mestras e a normativa fundamental na que se plasma o compromiso da Comunidade autónoma co seu patrimonio cultural como base da súa identificación.

A Constitución Española no seu título VIII o artigo 148.1 recoñece o dereito das comunidades autónomas para asumiren competencias en materia de patrimonio monumental de interese da comunidade autónoma ou en materia de fomento da cultura, competencias que deben compatibilizarse co sinalado no seu artigo 149.1.28, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; e museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas.

Entendemos, pois, que a protección do patrimonio cultural é un elemento primordial nas políticas públicas e transversal a calquera das administracións públicas polo que a súa salvagarda é un deber das institucións e dos que as representan.

Esa protección debe ser rigorosa pero tamén áxil, pois podería colisionar con outros intereses lexítimos dos administrados, que aínda sendo intereses particulares e sometidos ao interese xeral tampouco poden ser obviados polas administracións públicas.

Na anteriormente citada Lei 5/2016, no seu artigo 38 describe os *Contornos de protección subsidiarios* que poden chegar aos 200 m. no caso de bens integrantes do patrimonio arqueolóxico, polo que non sendo competencia municipal a valoración das afeccións e a autorización de actuacións neses contornos faise preceptivo o informe dos servizos de patrimonio da Xunta de Galicia, como así se recolle no artigo 39 da Lei, entendendo ademais como negativo o silencio administrativo transcorridos 3 meses dende a solicitude de autorización:

“1. As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.

A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

2. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións.

3. A consellaría competente en materia de patrimonio cultural poderá ordenar a

suspensión de calquera intervención non autorizada nun ben de interese cultural ou catalogado para o cumprimento dos fins previstos nesta lei.

4. Entenderase denegada a autorización da intervención en bens de interese cultural ou catalogados ou, de ser o caso, nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento se a consellaría competente en materia de patrimonio cultural non resolve de forma expresa no prazo de tres meses.”

Este Concello está detectando, de xeito mais ou menos continuado, atrasos nas autorizacións preceptivas para a concesións de licenzas municipais que no caso de particulares chegan a superar os 6 meses, provocando desesperación nos administrados que a súa vez poden acabar desistindo dos seus plans ou velos truncados.

Consideramos que estes atrasos constantes na tramitación non son provocados por unha mala praxe ou a desidia dos traballadores e traballadoras públicos destinados a tal fin, senón que teñen que ver coa escaseza de persoal dedicado ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

En vista do anteriormente exposto e da reiteración no problema co que os servizos de urbanismo do Concello de Lalín se están atopando, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a que se tomen medidas para o reforzo de persoal e xestión no Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra e que se reduza á espera na tramitación de expedientes que se está producindo actualmente.

10.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA COLABORACIÓN PARA SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DO ARRANXO DOS GRAVES DANOS QUE SUFRIU O AUDITORIO MUNICIPAL A CAUSA DO TEMPORAL.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de febreiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 15 de febreiro de 2017 co número 1088. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 20 de febreiro de 2017.***

Na defensa da moción, o Edil Delegado de obras no casco urbano, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** solicitou o apoio da Corporación Municipal para que a mesma se aprobase.

Estaba dirixida esta moción a dúas Administracións distintas, tanto á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia como á Deputación Provincial de Pontevedra, porque a finalidade era obter colaboración económica para sufragar os gastos derivados dos danos causados no Auditorio Municipal polo

temporal.

Consideraba que había dúas fases: unha na que había que sufragar os gastos urxentes e inaprazables para reparar os danos de cuberta do Auditorio Municipal, que non agravase o seu estado e ademais puidese seguir funcionando; e outra fase de danos que tiñan maior espera. Eran igualmente importantes para que o deterioro non fose a máis e o custe non aumentase exponencialmente. Así o reflectían na parte expositiva da moción.

Lembrou que o custo do funcionamento do Auditorio Municipal era unha competencia impropia que asumían as arcas municipais lalinenses, e non era axeitado que tamén se tivesen que asumir polo Concello os custos dos arranxos por mor do temporal.

Na súa quenda de palabra, o Concelleiro non adscrito **D. Juan José Cruz García** manifestou que ía escoitar a exposición do Partido Popular antes de decidir o sentido do seu voto.

Afirmou que o mal estado da cuberta do Auditorio Municipal xa viña de atrás e co temporal agravouse. Era tempo por tanto de examinar todo o proxecto. Vía positivo que se conservasen os bens públicos locais.

Por parte do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** criticou que pedisen o apoio do seu grupo para aprobar a moción, tras estar efectuando con anterioridade múltiples críticas ao Partido Popular e ao *Conselleiro de Cultura, D. Román Rodríguez*. Por tal motivo, ían votar en contra da moción.

Explicou que dende o goberno, primeiro buscaban unha rendibilidade política. Logo de obter esa rendibilidade, era cando intentaban negociar. Este proceso á hora de xestionar os intereses municipais era o que non aceptaba dende o seu grupo.

Para o PP primeiro eran os veciños e logo a política; pero para o goberno primeiro era a política e logo os veciños.

A forma de negociar do goberno lalinense actual non a vira nunca e non estaba de acordo con ela. Sempre negociar debía ser o primeiro.

Por iso, se tivesen chamado ao *Conselleiro D. Román Rodríguez*, éste seguro que tería negociado. Pero en lugar de comunicarlle o problema para intentar buscar unha solución, criticárono duramente. Agora pedían o seu apoio para a moción e facían unha xestión irresponsable.

Engadiu ademais, que o edificio era de titularidade municipal e por iso, a obriga de levar a cabo os arranxos do mesmo, era do Concello de Lalín. Os fondos que se empregasen para arranxalo eran responsabilidade do Concello.

Na súa segunda quenda de palabra, o Concelleiro Delegado de obras no casco urbano, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** pensaba que os concelleiros populares estaban facendo un exercicio de irresponsabilidade, porque os prexudicados á hora de efectuar a votación en contra da moción dende o grupo popular, eran os veciños e veciñas de Lalín.

As mocións eran unha declaración de intencións. Ao castigar a un goberno, os que acababan perdendo eran os veciños e veciñas do pobo.

Defendeu a importancia do fondo das cuestións e non da forma, e por iso consideraba axeitada a forma de negociar do goberno lalinense.

O Concelleiro non adscrito **D. Juan José Cruz García** afirmou que neste caso estaba de acordo coa exposición do Concelleiro Delegado de obras no casco urbano.

Considerou que **D. Román Rodríguez** provocou eivas importantes coa súa xestión no goberno lalinense pero engadiu que quería ser crítico, non só con **D. Román Rodríguez**, senón tamén con **D. Nicolás González Casares**. Pidiu que se introducise na moción unha emenda para implicar á FEMP a través de **D. Nicolás González Casares**, que podía facer presión instando a esta Administración.

Preguntou se coñecían a existencia das axudas estatais para danos causados por temporais que se outorgaban todos os anos e se foron feitas xestións para ver se eran viables estas axudas.

Por alusións, **D. Nicolás González Casares** dixo que a Lei de emerxencias de Galicia do ano 2007 era a normativa na que se especificaban as condicións das emerxencias en Galicia, e na mesma atribuíase a competencia en caso de temporal á Xunta de Galicia. As demais Administracións Públicas podían colaborar.

En canto ás axudas do Estado ao respecto dos danos producidos polos temporais, tamén era a Comunidade Autónoma a que debía solicitalas e nos prazos outorgados ao efecto.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** criticou de novo que dende o goberno se estivese criticando continuamente a **D. Román Rodríguez** e non se fixese o mesmo coa Sra. **Carmela Silva Rego**, Presidenta da Deputación de Pontevedra, que foi a que menos fixo por Lalín.

Insistiu en que as formas eran importantes á hora de querer negociar e realizar xestións con outras Administracións Públicas. As consecuencias da xestión defectuosa, e case que *“irreverente”*, do goberno lalinense, *“quen as pagaba era o pobo de Lalín”*.

Ademais á hora de asumir os custos de calquera emerxencia que puidese ter un Concello pequeno ou mediano, eran competentes as Deputacións Provinciais.

Criticou a actitude do goberno lalinense e recomendoulle cambiar o xeito de negociar.

A moción ía resultar aprobada polo apoio do Sr. Concelleiro non adscrito. Por iso dende o PP, ían votar en contra, porque *“lle parecía unha tomadura de pelo”*.

O Sr. *Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, defendeu que na súa moción lle estaban a facer a solicitude tanto á Xunta de Galicia como á Deputación Provincial de Pontevedra, polo que non era unha moción partidaria.

Ademais nas vindeiras mocións que formaban parte da Orde do Día do Pleno, facíanse solicitudes á Deputación Provincial de Pontevedra, e dende o goberno ían votar a favor con independencia do senso político.

Dende o goberno lalinense non querían *“destruír, senón construír”*.

O *Conselleiro de Cultura* **D. Román Rodríguez** estaba sendo criticado porque non se interesou por Lalín nin polo Auditorio Municipal despois do temporal e porque non realizou ningunha chamada aos membros do goberno lalinense.

Deixou claro que el sempre mostrou respecto institucional polo Concelleiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, ao contrario que este. Sempre fixo referencias positivas á

persoa do Sr. Xosé Crespo nos actos institucionais.

O Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio ía pechar o debate pero o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou o seu desacordo ao respecto e criticou que sempre pechase o debate o Sr. Alcalde cando el consideraba axeitado e despois de que dende o goberno interviñesen varios membros. Dixo que o Sr. Alcalde era un “cara dura” e un “impresentable”.

O Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio pediu respecto á Presidencia e indicoulle que lle ía dar unha quenda de palabra. Considerou que o Sr. Xosé Crespo Iglesias era “un maleducado e un impresentable auténtico”.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non debían intervir en cada moción tres concelleiros do grupo de goberno, dado que eran un mesmo grupo.

Considerou que o Sr. Alcalde cada vez que o mencionaba era para humillalo e non para facer referencias positivas como dixo. De feito no último Pleno o Sr. Alcalde dixo que se solidarizaba co voceiro popular polo que lle estaba a facer o Partido Popular. Tal comentario foi para ridiculizalo porque non tiña problemas co seu partido. O Sr. Alcalde nunca lle agradeceu nada, senón que o invitou a actos para humillalo. Isto era cinismo por parte do Sr. Alcalde.

Pechou o debate o Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio criticando que dende o grupo popular votasen en contra desta moción a pesar do contido positivo da mesma, e que unicamente pretendía obter fondos para sufragar danos provocados polo temporal.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Entre os días 2 e 4 de febreiro de 2017 Lalín viuse afectado polos temporais de vento e chuvia “Kurt” e “Leiv”, que azoutaron toda Galicia e que provocaron graves desperfectos en numerosos puntos do noso municipio. En concreto, no casco urbano de Lalín, viuse gravemente afectado o Auditorio Municipal, onde se produciu o levantamento da cuberta, o que afectou gravemente a diversas partes do edificio e, principalmente, á Sala Tuno Valdés. Dito levantamento da cuberta provocou a entrada de auga no interior da citada sala danando severamente o falso teito así como unha das paredes do salón que está revestida de tea e, ademais, provocou a acumulación de abundante auga no chan. Así mesmo, a forza do vento desprazou unha viga e afectou á carpintería metálica do segundo andar, danando a propia carpintería e

quebrando abundantes vidros. Os danos producidos quedaron debidamente descritos nos informes-memoria elaborados polo Arquitecto Municipal, *D. Antonio Bernárdez Nogueira*, de data 8 de febreiro de 2017, no que se indican tanto as actuacións previas e inaprazables a realizar en aras de evitar maiores danos como outras actuacións a executar para reparar os desperfectos producidos.

A obra inicial coa que se pretenden reparar os desperfectos de carácter inaprazable co fin de evitar maiores danos xa está en marcha, tras ser tramitada por procedemento de urxencia debido á gravidade da situación. O proxecto de arranxo foi adxudicado a unha construtora lalinense por un total de 54.276 euros. Entre as actuacións que contempla o citado proxecto inicial atópanse, entre outras, a desmontaxe e reposición de parte da cuberta formada pos chapa de aceiro, así como a reposición da carpintería exterior de aluminio, a instalación de falso teito mediante placas de escaiola, ou a reposición da instalación de climatización con panel ríxido de alta densidade de vidro.

Non obstante, a maiores das actuacións inaprazables, que xa comezaron a desenvolverse, executarase unha segunda fase de obra para dar solución a aqueles problemas cuxa reparación pode agardar e que teñen que ver con cuestións como a climatización, os sistemas eléctricos, a dotación de novos revestimentos máis resistentes caos actuais na cuberta, o arranxo de baixantes, a reparación de filtracións e humidades tanto en aulas como en corredores e salas, a retirada e reposición completa de vidros exteriores, etc. Tras as primeiras valoracións efectuadas polo Arquitecto Municipal, *D. Antonio Bernárdez Nogueira*, estímase que, coa execución desta segunda fase, o custe total dos arranxos dos desperfectos que sufriu o auditorio a causa do temporal ascenderá a entre 200.000 e 250.000 euros.

O edificio do Auditorio Municipal está composto polas salas Tuno Valdés e o Salón Teatro -a primeira con capacidade para 500 persoas e o segundo para unhas 300-. Estas dúas estancias teñen un enorme uso ao longo de todo o ano, acollendo concertos e outras actividades e actos culturais e sociais de toda índole, ademais de ensaios semanais da Banda de Lalín e doutras agrupacións, principalmente pertencentes ao Conservatorio de Música Profesional de Lalín. Un conservatorio de recoñecido prestixio no que cursan estudos musicais ducias de alumnos e alumnas que fan uso das numerosas aulas do edificio e que, en conxunto, reflicte ás claras que a música e as outras actividades que acolle o Auditorio Municipal son todo un símbolo da cultura lalinense que agora se ve afectada por circunstancias sobrevidas, que o Concello se ve na obriga de resolver canto antes. Non obstante, a enorme cantidade de diñeiro que se debe destinar aos arranxos dos graves danos sufridos no auditorio pode provocar que a capacidade económica do Concello de Lalín se vexa minguada.

Para que isto non aconteza e, en vista de todo o exposto anteriormente, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que colabore economicamente -na medida que lle sexa posible- co Concello de Lalín, coa finalidade de custear as obras de reparación dos danos provocados polo temporal no Auditorio Municipal.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra que colabore economicamente -na medida que lle sexa posible- co Concello de Lalín, coa finalidade de custear as obras de reparación dos danos provocados polo temporal no Auditorio Municipal.

11.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A INCLUSIÓN DO CAMIÑO DE INVERNO NAS ESTRATEXIAS TURÍSTICAS DE PROMOCIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO POLA PROVINCIA.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 13 de febreiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 15 de febreiro de 2017 co número 1087. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 20 de febreiro de 2017.***

O Concelleiro Delegado de Turismo, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada***, encargouse de defender a moción, explicando o contido da mesma. Dende a Deputación Provincial de Pontevedra deseñouse unha campaña destinada a dinamizar os Camiños polos que discorría o Camiño de Inverno. No caso de Lalín, a inclusión do Camiño de Inverno nesa campaña da Deputación era fundamental por unha cuestión clara: o Camiño de Inverno tiña para Lalín un potencial, en termos económicos e turísticos que non tiña outro Camiño xa que atravesaba o centro da vila.

Explicou o acordo ao que se chegou coa Xunta de Galicia en relación ao Albergue da Laxe. Posto que a persoa que traballaba en dito Albergue, se xubilaba o día 28 de febreiro de 2017, mantivo unha reunión co Xerente do Xacobeo, na cal trataron tres cuestións: a primeira que dito Albergue seguise funcionando, de tal xeito que a partir do día 28 de febreiro de 2017 xa non o xestionaría o Concello de Lalín, senón que pasaría a xestionalo a Xunta de Galicia; a segunda, que dito Albergue fose o Local Social dos veciños da Laxe, tal e como estes demandaban; e a terceira, que se contase no Albergue con dúas persoas a xornada completa e unha persoa a media xornada, que xa non se custearían con fondos do Concello, tal como se viña facendo cun custo anual de 46.000 euros.

O Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** manifestou o seu acordo co contido da moción e coa exposición do Concelleiro Delegado de Turismo.

Dende o PP, ***D. José Antonio Rodríguez Fernández*** afirmou que primeiro ía referirse ao contido da moción e logo tratar o tema do Albergue da Laxe que non se recollía na mesma.

Neste intre, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** interviu no debate e ***D. José Antonio Rodríguez Fernández*** pediu que o deixase falar sen interrupcións.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, moderou o debate para outorgarlle a palabra ao Concelleiro popular “o tempo que quixese e sobre os temas que quixese”.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** recriminoulle ao Sr. *Alcalde* que ao concederlle a palabra ao edil popular sobre os temas que quixese, estaba a demostrar que existiu arbitrariedade na súa expulsión do Pleno e pediu que tal feito constase en acta. Dixo que ía solicitar un informe ao Sr. *Secretario Xeral Titular* sobre dita expulsión do Pleno do día 6 de outubro de 2016.

Continuou coa súa quenda **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, manifestando o acordo do seu grupo co contido da moción e o apoio na votación a favor do mesmo.

Criticou que na exposición de motivos da moción se obviase o traballo de moitos colectivos para favorecer o Camiño de Inverno e que levaban traballando en prol do mesmo facía moito tempo.

No tocante ao Albergue da Laxe, que non se recollía no contido da moción, sinalou que consideraba moi positivo o explicado polo Concelleiro Delegado de Turismo.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada, na súa segunda quenda, defendeuse da crítica efectuada polo edil popular, sostendo que o goberno si tomou a iniciativa no tocante ao Camiño de Inverno neste punto e era unha aposta importante do goberno lalinense.

O mantemento do Albergue da Laxe era unha moi boa noticia. Non se ían gastar fondos municipais en peregrinos de Santiago de Compostela. O goberno lalinense quería facer unha aposta importante por cuestións que fosen rendibles para a vila.

Agradeceu ao Xerente do Xacobeo a reunión sobre o Albergue da Laxe. Para o Concello era importante non afrontar o custo de 46.000 euros anuais do Albergue, custo do cal ademais, non se obtiñan beneficios ao non recadar nada do que os peregrinos gastaban no mesmo que era para a Xunta de Galicia integramente. Por iso para o Concello de Lalín era pouco defendible o mantemento do Albergue da Laxe en termos de rendibilidade económica.

Era importante que o Albergue seguise funcionando e por iso era importante o acordo ao que se chegou coa Xunta de Galicia.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a moción co seguinte contido:

O Camiño de inverno era o empregado polos peregrinos para chegar a Santiago de Compostela durante a estación invernal conseguindo así evitar as nevaradas de O Cebreiro. Na súa sétima e última etapa transcorre dende Rodeiro a A Laxe (Lalín), cun total de 27 quilómetros. Ao seu paso pola nosa vila entra por Lalín de Arriba, atravesa o centro urbano pola Praza da Igrexa e continua polo paseo do

Pontiñas. Logo discorre a través do Polígono Lalín 2000, para rematar a etapa no albergue de A Laxe onde se xunta coa Vía da Prata.

Como todo o mundo sabe, Camiño de Santiago é un elemento de enorme importancia para as localidades e concellos por onde transcorre, deixando a súa marxe lugares cheos de encanto e sendo unha fonte de beneficios económicos e sociais. Por iso, un dos obxectivos principais no eido turístico do Goberno de Lalín é o de potenciar o Camiño de Inverno na vila. Esta ruta xacobeá conta cunha gran riqueza histórica, patrimonial e ambiental, polo que está chamada a ser un importante polo de atracción de visitantes e, en consecuencia, un dos posibles eixes dinamizadores da economía do noso concello.

O Goberno de Lalín tomou a iniciativa neste asunto e levou a cabo nos últimos meses varias medidas para avanzar na potenciación e na posta en valor do Camiño de Inverno ao seu paso polo municipio. Entre estas destaca a organización de andainas para dar a coñecer esta vía xacobeá, a celebración de reunións cidadás e con outros municipios que atravesan esta ruta para estudar medidas de promoción conxunta, a publicación de material divulgativo sobre os camiños de Santiago por Lalín, ou coordinación na dotación de nova sinalética nos sendeiros.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra activou unha campaña turística sobre os camiños de Santiago que atravesan a provincia, tendo en conta a súa relevancia á hora de atraer visitantes e, porén, dinamizar a economía, a cultura e a sociedade pontevedresa, aspecto que centrou incluso a promoción turística da Deputación en FITUR. Así, a administración provincial conta cunha cantidade importante de material divulgativo sobre as rutas xacobeas, así como con abundante información de interese sobre as mesmas, á que se pode acceder facilmente a través da súa páxina web. Dentro do epígrafe “O Camiño de Santiago, unha historia por descubrir”, pódese ter acceso a contidos informativos e promocionais, tanto textuais como audiovisuais sobre o Camiño Portugués, a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, a Variante Espiritual do Camiño Portugués por O Salnés, o Camiño Portugués da Costa e o Camiño do Sudeste-Vía da Prata que, como é sabido, tamén discorre polo noso concello, atraendo cada ano a centos de peregrinos. Non obstante, aínda non hai información sobre o Camiño de Inverno, que é considerado a todos os efectos como unha ruta oficial dende o pasado verán.

En vista do positivo que sería para Lalín (xunto con Rodeiro o único municipio pontevedrés polo que atravesan esta ruta) a difusión da riqueza e dos recursos do Camiño de Inverno nas estratexias turísticas da Deputación de Pontevedra, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a que incorpore o Camiño de Inverno nas súas estratexias de difusión e campañas turísticas sobre os Camiños de Santiago.

12.- MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AO GRUPO DE GOBERNO A QUE NEGOCIE COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA UNS PREZOS SOCIAIS PARA O

VIVEIRO DE EMPRESAS DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta da presente moción de data 9 de febreiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 13 de febreiro de 2017 co número 985 . A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 20 de febreiro de 2017.***

Dende o PP, partido propoñente da moción, falou o voceiro ***D. Xosé Crespo Iglesias***. Precisou que cando se firmou o Convenio entre a Deputación e o INCYDE para a creación do Viveiro de Empresas, recollíanse unha serie de condicións que non se estaban a cumprir.

Era responsabilidade do goberno lalinense coñecer dito Convenio e saber se estaba a cumprirse co mesmo ou non. Pidiu por elo que se vise o Convenio para comprobar se estaba a cumprirse ou non coas súas cláusulas.

O día 23 de febreiro de 2016 inaugurouse o Viveiro de Empresas con tres sociedades. O día 16 de marzo de 2016, o PP presentou unha moción esixindo unha rebaixa dos prezos do Viveiro de Empresas no Concello e na Deputación, que foi rexeitada.

As declaracións efectuadas pola Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, ***Dª. Carmela Silva***, dicindo que o Viveiro de Empresas de Lalín estaba ocupado ao 80% e quedaba pequeno, non eran certas e non se correspondían coa realidade.

O goberno lalinense non se preocupou de ver se os datos dados pola Presidenta eran verdade ou non.

O día 28 de outubro de 2016, ante os datos negativos do Viveiro de Empresas, a Deputación Provincial anunciou unha rebaixa do 44% ao 48% dos prezos do Viveiro de Empresas de Lalín. Dita rebaixa deixou igualmente os prezos máis elevados que os prezos de mercado.

Deste xeito, a partir do día 1 de xaneiro de 2017, cando a mesma entrou en vigor, ningunha empresa se sumou ao Viveiro. Na actualidade só dúas empresas estaban no Viveiro.

Pedi, que como goberno, se preocupase de comprobar se o Viveiro de Empresas funcionaba ou non recriminase á Deputación de Pontevedra o que estaba a pasar co mesmo, porque dende a Deputación estaban a *"tomarlle o pelo"*. Peor xestión non se podía facer.

O Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** indicou que tamén recibiu queixas ao respecto do mal funcionamento do Viveiro de Empresas e por iso, a moción parecíalle correcta e ía apoiar a mesma.

Dende o grupo de goberno, ***Dª Katia Margaret Procino Toimil***, Concelleira Delegada de Emprego salientou que se apoiaba aos emprendedores e as empresas emprendedoras para aumentar o tecido empresarial. No tocante á moción, votarían a favor cunha serie de consideracións.

Recriminou que dende o goberno lalinense do PP, xunto co goberno da Deputación de Pontevedra do Sr. *Louzán*, se cometeron varios erros no tocante ao

Viveiro de Empresas, tanto no Proxecto, como no deseño e na financiación do mesmo. Destas eivas xurdían os problemas dos que se pretendía agora facer responsable ao goberno lalinense actual.

Comparou datos co Viveiro de Empresas de Barro-Meis e pediu que non se fixese responsable ao goberno actual das eivas do Viveiro. Estas xa traían causa na mala xestión do goberno popular.

D. Xosé Crespo Iglesias agradeceu o voto a favor, pero considerou que debían actuar como goberno de Lalín.

Díxolle á Concelleira Delegada de Emprego que estaba equivocada no que dixo na súa quenda. Non eran comparables o Viveiro de Lalín e o Viveiro de Barro-Meis porque este último, era para toda a poboación do Salnés que era cinco ou seis veces superior á poboación lalinense.

Interviu **D. Nicolás González Casares** para dicir que no Salnés os habitantes rondaban os 70.000 e polo tanto, non era cinco ou seis veces superior en poboación a Lalín.

Continuou o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dicindo que o goberno se contradecía ao argumentar que o Viveiro de Empresas era pequeno para Lalín, dado que só había dúas empresas no mesmo.

Este Viveiro foi feito con ideas de que se medrase nun futuro. Criticou o trato dado dende a Deputación de Pontevedra pola xestión que estaba a levar a cabo. O goberno lalinense tiña que esixir que se cumprise o pactado e unha rebaixa dos prezos.

O trato para Lalín era prexudicial en relación ao Viveiro de Empresas de Barro-Meis.

Non só tiñan que votar a favor, senón tamén esixir á Deputación Provincial o que lle correspondía a Lalín.

Pediulle á Concelleira Delegada que contrastase ben os datos aportados na súa intervención, porque deu datos sesgados.

Dª Katia Margaret Procino Toimil, respondeulle que os datos que aportou foron tomados dos publicados pola Deputación de Pontevedra.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** recriminoulle ao voceiro popular que estaba a dicir que os datos publicados pola Deputación de Pontevedra estaban sesgados.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que non era iso o que estaba a dicir, senón que dende a Deputación de Pontevedra non se tratou a Lalín como se tratou a Barro-Meis.

O Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** criticou os argumentos do voceiro popular e pediulle que rectificase.

Salientou que había un problema de concepto inicial, porque querendo apoiar aos emprendedores, a mellor forma de facelo non era construindo un edificio por importe de 500.000 euros ao cal nin sequera se dotou de mobles. Era un erro de concepto inicial brutal. Non estaba de acordo co concepto do Viveiro de Empresas e cría que había formas mellores de apoiar aos emprendedores. De feito consideraba que a

construción do Viveiro foi innecesaria porque existían naves no Polígono de Lalín que estaban sen usar e que podían destinarse ao Viveiro.

A pesar disto, o Viveiro existía xa e polo tanto, consideraba que estaba infrutilizado. O gasto público xa estaba feito e había que aproveitalo e darlle rendibilidade. Agora ben, non se prestaba para empresas de tipo produtivo pola falta de espazo, senón máis ben comercial.

Pedi reflexionar sobre como se gastaban os cartos públicos.

D. Xosé Crespo Iglesias explicou que habendo fondos europeos para ese fin e non para outro, había que solicitar o Viveiro de Empresas.

Os prezos do Viveiro non eran competitivos porque era un novo concepto dirixido a empresas e emprendedores que querían empezar. A finalidade non era que as empresas permanecesen no Viveiro, senón que medrasen a nivel empresarial e marchasen. O problema era que non cumpría con esta finalidade inicial.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* pechou o debate dicindo que estaba de acordo no contido da moción e por iso votarían a favor.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a moción do seguinte contido:

O Viveiro de empresas de Lalín abriu as súas portas, despois dun importante atraso marcado pola desidia dos novos goberno municipal e provincial que se pasaron a pelota para xustificar os meses nos que non estivo operativo, o 23 de febreiro de 2016 con 3 sociedades, segundo os datos oficiais. Un porcentaxe de ocupación ínfimo considerando as 3 naves, 5 oficinas e os espazos de coworking existentes.

No pleno celebrado o 31 de Marzo de 2016, o Partido Popular defendeu unha moción na que criticaba uns prezos excesivos dos distintos apartados do Viveiro de Empresas de Lalín e o voceiro afirmaba que “Coidaba que no mesmo non se contemplaba que o Concello de Lalín cedera de xeito gratuíto a parcela onde vai o viveiro, cousa distinta do que pasou no Concello de Barro. Elo conducía a ter uns prezos moi elevados en comparación cos prezos de aluguer das naves de Barro”. Tamén afirmaba que “Pensaba que nese asunto, pola transcendencia económica, os prezos de aluguer das naves debían ser sociais, para que facilitasen acceder e alugar as naves”. Ao longo da defensa da moción, o voceiro popular tamén amosou unha táboa comparativa na que quedaba de manifesto que os prezos da instalación lalinense eran moi superiores aos de Barro Meis, que eran moi superiores aos de outras instalacións de fomento da actividade económica en zonas como Nigrán e estaban por moi por enriba do mercado libre.

Táboa que se acompaña.

COMPARATIVA PREZOS MARZO 2016

	LALÍN	BARRO-MEIS	PORTO MOLLE
	NAVES VIVEIRO LALÍN	NAVES BARRO-MEIS	NAVES PORTO MOLLE-NIGRÁN
PRIMEIRO ANO	€5,80	€2,62	€1,50
SEGUNDO ANO	€8,69	€3,93	€2,00
TERCEIRO ANO	€11,59	€5,24	€2,50

	OF. VIV. LALÍN	OF. BARRO-MEIS	OF. PORTO MOLLE-
PRIMEIRO ANO	€6,30	€3,12	€3,50
SEGUNDO ANO	€9,44	€4,68	€5,00
TERCEIRO ANO	€12,59	€6,24	€6,50

A moción popular que textualmente pedía entre outras cousas: “Esixir ao alcalde que negocie inmediatamente ca Deputación de Pontevedra para que os prezos que se aplican ao Viveiro de empresas de Lalín sexan asequibles e favorezan o emprendemento e a creación de emprego, e non inaccesibles como os fixados que están por enriba dos prezos de mercado, tanto de Lalín como da provincia” foi daquela rexeitada alegando o alcalde que xa pedira a redución de prezos e que “Isto xa se lle trasladou á Deputación Provincial de Pontevedra, para que busque solucións a esta problemática. Insistiu en que estaban nesta labor”.

Esta mesma moción tivo o seu espazo de debate na Deputación de Pontevedra onde a presidenta e o goberno provincial rexeitaron revisar os prezos do viveiro de empresas poñendo unha mancha de desculpas para argumentar que o problema nada tiña que ver cos prezos do viveiro, que eran vantaxosos e axustábanse ao plan de viabilidade, e si ca planificación que preparara o anterior equipo co INCYDE, unha das fundacións con máis experiencia na elaboración de proxectos deste tipo.

O 25 de abril de 2016, a presidenta da Deputación declaraba que o viveiro de empresas “se ha quedado pequeno” e cifraba nun 80% a ocupación do mesmo pese a que ningunha das naves foi ocupada nunca dende a posta en marcha do viveiro, pese a que das cinco oficinas só foron ocupadas tres (e só dúas de elas foron empresas) e os espazos de coworking aínda non cumpriron a función para o que foron creados. Datos de moi baixa ocupación motivados principalmente polos altos prezos, pero tamén polas escasas accións de dinamización, servizos, fomento de utilización da instalación, etc. Chegando a rexistrarse queixas de usuarios polo escaso mantemento da instalación e pola ausencia de posibilidades de xerar sinerxías con outras iniciativas que tivesen o seu asentamento neste espazo.

Coa presenza de proxectos emprendedores no viveiro lalinense reducido á operación de só dúas empresas, cas tres naves baleiras e co espazo de coworking sen operar como tal; a Deputación de Pontevedra anunciou, o 28 de outubro de 2016,

unha rebaixa significativa nos prezos dos viveiros dos dous polígonos industriais, que en Barro Meis foi do 33% e que no de Lalín chegou ao 48%. A rebaixa que negou no mes de abril o goberno provincial, aludindo a que os prezos eran vantaxosos e acidos e dicindo que se ía a quedar pequeno, acometeuse en outubro aínda que dun xeito claramente insuficiente. Unha rebaixa que fixou para o 1 de xaneiro de 2017, e que se xestionou pasando de cota de usuario a prezo público.

A devandita rebaixa que se anunciou a finais de outubro de 2016 non serviu para que en case catro meses (dous deles co novo prezo xa en vigor), os que van dende novembro a febreiro, se asentase ningunha nova empresa e que na actualidade sigan a ser dous os proxectos emprendedores que desenvolven a súa actividade no viveiro do polígono lalinense. A negativa do goberno provincial, coa anuencia do goberno municipal cuatripartito, tanto en abril como despois en outubro, de fixar para o viveiro lalinense un prezo social por debaixo do prezo de mercado e manter a súa intención de fixar un prezo que lle permita á Deputación manter o viveiro lalinense sen poñer un peso enriba da mesa, segue a provocar que un proxecto que estaba chamado a ser un elemento dinamizador da economía, xerador de emprego e o arrincador de empresas para o futuro, siga a ser un proxecto escasamente para os emprendedores que atopan fora de el mellores oportunidades de asentarse e de negocio.

Unha vez máis, as comparativas dos prezos existentes no viveiro de Lalín son suficientemente clarificadoras para explicar a ausencia de proxectos que elixan o viveiro de empresas de Lalín para asentarse os seus proxectos.

COMPARATIVA PREZOS MARZO 2017

	LALÍN	BARRO-MEIS	LALÍN 2000
	NAVES VIVEIRO LALÍN	NAVES BARRO-MEIS	NAVES EN ALQUILER LIBRE *
PRIMEIRO ANO	3 €/m2	1,8 €/m2	1,30 a 2,2 €/m2
SEGUNDO ANO	4,5 €/m2	3,9 €/m2	1,30 a 2,2 €/m2
TERCEIRO ANO	6 €/m2	5,25 €/m2	1,30 a 2,2 €/m2
	OF. VIV. LALÍN	OF. BARRO-MEIS	OFICINAS CASCO *
PRIMEIRO ANO	3,5 €/m2	2,3 €/m2	2 a 5 €/m2
SEGUNDO ANO	6 €/m2	3,4 €/m2	BAJOS COMERC. *
TERCEIRO ANO	7 €/m2	6,2 €/m2	1,7 a 4 €/m2

*Datos portais dixitais Idealista e Mil anuncios

A anterior táboa de datos volve a reflectir, como xa ocorrera na presentada no mes de marzo, un notable desfase entre os prezos de Lalín e os do viveiro de Barro, de xeito especial no prezo das oficinas, e unhas diferencias moi notarias entre o prezo

público do viveiro lalinense e os prezos existentes no mercado libre tanto no Polígono Lalín 2000 como en baixos e oficinas no casco urbano.

Cun simple exercicio de busca de naves comerciais no Polígono Lalín 2000 en portais inmobiliarios de Internet, pódense atopar un bo número de naves en aluguer con prezos situados entre 1,30 e 2,2 euros o metro cadrado segundo as características que presente cada unha da instalacións. Isto supón a metade de prezo no mercado libre do que custa na actualidade, despois da rebaixa de principio de ano, unha das naves do viveiro, o primeiro ano. Se a comparativa se fai con respecto ao segundo e terceiro ano, os prezos do viveiro supoñen entre un 300 e un 400 % máis que un aluguer libre.

O mesmo caso ocorre cas oficinas do viveiro lalinense en relación os prezos dos alugueres de locais e baixos comerciais no casco urbano. A mesma busca en portais inmobiliarios arroxa un bo número de baixos comerciais con prezos de entre 1,7 a 4 euros por metro cadrado e entre 2 e 5 euros para locais destinados a oficina. Prezos moito máis económicos que o menos céntrico viveiro de empresas que se move entre os 3,5 euros por metro cadrado do primeiro e os 7 euros do terceiro, que sería case o dobre dos prezos medios.

Uns prezos que demostran o pouco interese amosado polo goberno de Lalín en que o viveiro de empresas conte cunhas condicións minimamente atractivas na dotación, nos prezos e nos servizos, pese as múltiples advertencias realizadas dende a oposición e que mesmo recoñeceron os membros do goberno nas súas declaracións. Case un ano despois da apertura, a actitude pasiva do goberno liderado por Rafael Cuíña co goberno amigo da Deputación para conseguir uns prezos axeitados, provocou que unha infraestrutura chamada á xeración de emprego, de actividade económica e que debería ser o xermolo das empresas do futuro de Lalín, estea case baleiro e convertendo en inútil unha inversión tan importante como a realizada neste viveiro.

A vista do exposto, e tendo en consideración os antecedentes que rodean ao Viveiro de empresas de Lalín nos que moitas foron as promesas e os anuncios e moi poucas as solucións de dinamización para que esta instalación cumpra o seu obxectivo primixenio, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Instar ao goberno municipal a que esixa á Deputación de Pontevedra a rebaixa inmediata dos prezos públicos do Viveiro de Empresas de Lalín para que se estableza un prezo social, por debaixo do de mercado libre, que permita o asentamento de empresas e proxectos emprendedores.

Segundo.- Esixir ao goberno municipal a que xunto coa Deputación de Pontevedra deseñen un programa real de dinamización do Viveiro lalinense que permita aproveitar sinerxías entre proxectos emprendedores e que contribúa á formación, apoio técnico e difusión dos emprendedores e das firmas que acolla.

Terceiro.- Instar ao goberno municipal a que vele polo correcto mantemento e funcionamento de todas as instalacións das que esta dotada a citada instalación e que suscitaron máis dunha queixa por parte dos poucos usuarios cos que conta.

13.- MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL DE LALÍN A QUE RETOME AS NEGOCIACIÓNS COS RESPONSABLES DA UNED DE PONTEVEDRA PARA VOLVER A POR EN MARCHA A AULA ASOCIADA DE LALÍN PARA O CURSO 2017-2018.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 10 de febreiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 13 de febreiro de 2017 co número 986. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 20 de febreiro de 2017.***

O voceiro popular ***D. Xosé Crespo Iglesias***, comezou o debate deste punto, defendendo o contido expositivo da moción.

Criticou o peche da aula da UNED, había xa un ano e medio, porque supuxo apartar a Lalín do mundo universitario e empresarial.

O peche da aula da UNED foi baseado nun escaso número de alumnos matriculados. Sen embargo, noutros Concellos, como Tui, o número de alumnos matriculados nos últimos anos foi en aumento, polo que era probable que en Lalín tamén sucedese así.

Considerou que á hora de efectuar o peche se deron cifras falsas, xa que o edificio da UNED non tiña un custo de 50.000 euros, como se dixo por parte do goberno lalinense. Isto era unha falacia, xa que nese custo de 50.000 euros incluíron o mantemento do edificio, o cal había que pagalo igualmente.

Dende o PP querían que a UNED volvесе para Lalín e había posibilidades, porque xa se efectuaron negociacións co Centro de Pontevedra da UNED ao respecto, pero sempre e cando o Concello asumise o pago da parte que lle correspondía.

A Deputación de Pontevedra podería colaborar no tocante aos custos da UNED e así resultaría máis factible asumir a apertura da aula para o goberno lalinense. Así o fixo o ente provincial noutros Concellos como Vigo.

Propuxo engadir, como emenda, un punto terceiro na parte dispositiva da moción:

“En caso de que a Deputación de Pontevedra non colaborase para cofinanciar a aula da UNED, instar ao goberno municipal a facerlle fronte economicamente ao custo con fondos municipais”.

Tomou a palabra o Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García***. Explicou que se puxo en contacto con profesorado da UNED. Valorou o traballo feito nesa aula e dixo que segundo o informaron, o custo da UNED sitúase en torno aos 27.000 euros e o mantemento do edificio non era só da UNED, senón de catro ou cinco colectivos que tamén estaban situados no mesmo edificio.

No último curso académico o número de matriculados ascendeu a 15 alumnos no Curso de acceso á Universidade e no Grao en Administración e Dirección de Empresas, os matriculados eran 17 no primeiro curso e 15 no segundo curso. Ademais impartíronse Cursos universitarios variados e algúns con gran aceptación e ata 30 matriculados.

Manifestou que o seu voto ía ser a favor para ser construtivo. Ademais estaba a

favor de descentralizar servizos e non só no ámbito da UNED.

Dende o grupo de goberno, a *Concelleira Delegada de Cultura, D^a Lara Rodríguez Peña*, afirmou que esta moción lle parecía unha falta de respecto cara ao goberno lalinense xa que na mesma, falábase de que o goberno era presuntamente progresista, ou que o goberno se integraba por partidos políticos perdedores das eleccións. Parecíalle lamentable que a solicitude da apertura da UNED se fixese dándolle ese trato na moción ao goberno lalinense.

Defendeu que no seu momento se decidiu proceder ao peche da UNED, non só polo custo que implicaba para o Concello, senón tamén porque o número de matriculados era mínimo e os cursos que se impartían ao longo do ano eran poucos e cun número de horas irrisorio, e mesmo algúns deses cursos ofertados foron eliminados por falta de alumnado.

Criticou que dende o PP sempre se instase á Deputación de Pontevedra, e non á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Pediulle que se estudasen as facturas da UNED, en concreto as facturas do profesorado. Referiuse ao coordinador da UNED, licenciado en Psicoloxía, porque non sabía exactamente que funcións realizaba. Parecíalle "*gracioso*" que dito coordinador tivese escrito estudos sobre a corrupción. A labor do resto do profesorado tampouco estaba clara.

Do estudo das facturas e dos gastos que xeraba a UNED, que eran importantes, deduciuse que existía opacidade. Dado que tales gastos eran importantes, tomouse a decisión de pechar a UNED e destinar a outros cometidos os fondos que se investían na aula.

Insistiu en que para nada, pechar a aula de educación a distancia supuxo rematar coa cultura en Lalín. Preguntou se eliminar ADE e unha serie de titorías na aula da UNED era rematar coa cultura en Lalín, como a oposición estaba a dicir. Era lamentable este argumento da oposición.

Ademais non se descentralizaba ningún servizo coa UNED, porque para realizar os exames, o alumnado debía desprazarse igualmente ao Centro sito en Pontevedra. Este argumento da descentralización, dado pola oposición, era tamén absurdo. Non se pechou a aula da UNED por ser un servizo implantado polo Partido Popular, senón polo custo e os demais termos ditos.

Na súa segunda quenda de palabra, o voceiro popular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, dixo que este debate lle parecía "*un diálogo de xordos*". As opinións eran opostas totalmente porque non consideraban correcto pechar a UNED.

Dende o seu grupo, non se referían a que pechar a UNED fose eliminar a cultura en Lalín, senón a que co peche da mesma se contribuía a minguar a cultura en Lalín.

A UNED era útil ante a "*era dixital*" que se estaba a desenvolver e por iso, nun futuro inmediato era importante contar con esta aula de educación a distancia.

Ademais o custo de 50.000 euros que se lle imputaba á UNED, incluía os gastos de mantemento do edificio. Ditos gastos había que asumilos, existise ou non a aula da UNED, porque era un edificio municipal no que se contaba con outros servizos como o GDR. Era unha especie de multiusos.

Explicou que coa perda da maioría absoluta do goberno municipal, presentouse a oportunidade de presentar esta moción para lograr a apertura da aula da UNED.

Agradeceulle ao Concelleiro non adscrito que se informase sobre a UNED e os datos que aportou na súa quenda. Co apoio deste Concelleiro non adscrito, podían aprobar a moción e abrir de novo a aula da UNED.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* dixo que ía facer un comunicado sobre as liberdades ao longo do día.

Explicou que protexer as liberdades non era enxuizar a un particular na sesión plenaria, senón que era sobre todo favorecer que as persoas se expresasen libremente. Recriminou que ao coordinador da UNED lle ía resultar complicado defenderse ao non estar presente no Pleno. De feito, invitou a dito coordinador da UNED ao Pleno, pero finalmente non considerou axeitado que estivese na sesión.

Pediulle á Concelleira Delegada de Cultura que non enxuizase ás persoas con experiencia e ilustradas conceptualmente, que posiblemente, de coñecelas lle gustarían conversar con elas.

Adiantou que ía pedir como rogo que se deixasen ver as facturas da UNED para analizalas.

Cando se informou co profesorado da UNED, dixéronlle que certos gastos se estaban a cubrir dos "*seus petos*". Moita xente que traballaba por Lalín, como pasaba tamén nas Bandas, perdían cartos.

Recriminou que tratase ás persoas como se só fosen unicamente un rendimento, sobre todo porque iso non era propio da política de partido da Concelleira Delegada de Cultura de APAC.

Rematou o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* dicindo que o grupo de goberno estaba en contra desta moción, e así votarían. Estaba de acordo con todo o dito por *D^a Lara Rodríguez Peña*.

A UNED de Lalín non era unha referencia como debía e, se volvía a abrir a aula da UNED, debía colocarse á fronte da mesma outra persoa para a coordinación da aula cunha mínima categoría como persoa e que respectase aos demais. Era o mínimo que se podía pedir para alguén que se adicaba á formación.

Sometida a votación ordinaria a emenda proposta como punto terceiro da parte dispositiva da moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes **APROBOUSE** a emenda.

Sometida a votación ordinaria a moción coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non

adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

En novembro de 2007, o goberno popular do Concello de Lalín, despois dunha intensa negociación cos responsables da Universidade a Distancia (UNED), conseguía o seu obxectivo de por en marcha unha Aula Universitaria en Lalín, dependente do centro Asociado da UNED de Pontevedra. O obxectivo educativo e político era achegar algunhas ensinanzas universitarias e o Curso de Acceso á Universidade a zonas rurais distantes de centros universitarios presenciais ou a distancia. Tratábase de que calquera persoa que quixera estudar o puidera facer, independentemente dos condicionantes económicos, laborais e persoais. Buscábase facilitar a igualdade de oportunidades para todas as persoas de cara a realizar estudos universitarios, facilitar a posibilidade de realizar cursos de Extensión Universitaria e cursos de aprendizaxe de inglés para todos aquelas persoas que o desexaran para o seu enriquecemento persoal, formación intelectual, ou promoción e ascenso na súa carreira persoal.

Incluída nun eido empresarial como o Polígono Lalín 2000, a Aula da UNED foi concibida tamén como un elemento formativo e dinamizador de primeiro nivel no eido empresarial como acreditan as múltiples xornadas, conferencias e cursos que se celebraron neste foro e que se centraron en temas tan proveitosos para as empresas da comarca como o comercio internacional, as novas tecnoloxías na empresa, a actividade emprendedora e as posibilidade do mercado global, etc. Estas actividades formativas foron impartidas por expertos universitarios, empresarios destacados e expertos nas distintas materias, que contaron con máis de 500 alumnos tanto do ámbito lectivo como do empresarial. Un exemplo de actividades foron as diversas actividades que se celebraron baixo o título xenérico de “XORNADAS DE DIRECCIÓN ESTRATÉXICA”.

A actividade da aula da UNED de Lalín reforzouse en outubro de 2012 ca implantación do grado de Administración e Dirección de Empresas (ADE), que permitía a preto dunha vintena de alumnos nese primeiro ano acceder a unha carreira universitaria sen desprazarse de Lalín e a outros complementar a súa formación mentres estaban a traballar.

Unha aula que supuxo, ata o seu peche en 2015, unha porta aberta á Universidade e o acceso a ela a persoas que doutro xeito o terían moi complicado ou imposible. Unha rendibilidade social moi grande en relación ao esforzo inversor por parte do Concello de Lalín, que en momentos de estreituras económicas optou por manter o seu apoio decido a esta infraestrutura educativa que cidades tan importantes como Tui e Vigo tiveron despois da lalinense (febreiro de 2013). As aulas de Tui e Vigo, que como se di, foron posteriores, continúan en funcionamento na actualidade.

As sinerxías creadas da Aula co mundo empresarial e produtivo converteron ao

longo de 8 anos a Aula da UNED nunha ferramenta estratéxica para a adquisición de coñecementos, pero tamén como plataforma para dar a coñecer en conferencias e charlas as potencialidades de Lalín e a comarca. Como exemplo de actividades, se poden sinalar algunhas:

- “Infonomía: a xestión intelixente da información nas PEMES. Valoración de intanxibles: unha aproximación ao modelo Intellectus”. (6 e 13 de maio, 2011).
- “Crise, Turismo e Calidade” (marzo de 2012).
- “Turismo, desenvolvemento rural e gastronomía saudable” (10 ao 12 de abril de 2013).
- “A xustiza terapéutica no ámbito da violencia de xénero” (abril de 2014).
- É de destacar a actividade do 50 aniversario da publicación “*Memorias dun neno labrego*”, baixo a denominación xeral de “*DA GALICIA DE BALBINO Á GALICIA DE HOXE*” (26, 27 y 28 de abril, 2010). O propio Xosé Neira Vilas, na edición especial que fixo Galaxia de dita obra, inclúe o nome da Lalín nunha introdución especial para esta edición.

Unhas sinerxías, que nun momento en que o tecido empresarial ten que despegar para aproveitar o reponte da economía, non se poden perder ao servir como punto de encontro xerador de información, de estratexias comúns e de intercambiador de experiencias entre o mundo universitario e a empresa. Sinerxías a compartir tamén co Viveiro de empresas, que está a funcionar moi por debaixo dos niveis agardados, e no que os emprendedores podían ter nesta Aula Universitaria unha ferramenta máis de apoio para mellorar as súas perspectivas de futuro.

En xullo de 2015, o daquela goberno tripartito decidiu resolver o convenio coa Universidade a Distancia e pechar a Aula asociada da UNED de Lalín e deste xeito cercear as posibilidades de lalinenses e dezanos de ter acceso a estudos universitarios moi preto da casa e a unha serie de xornadas con importante valor engadido para a empresa e os estudantes. Ca peregrina desculpa de que as prioridades cambiaron para o novo goberno, de que o número de estudantes e usuarios era escaso para o custo que supoñían os preto de 50.000 euros que significaba para ás arcas municipais e que estes cartos se destinarían a bonos de transporte e políticas sociais, tomaron unha das decisións máis involucionistas das que tomou nunca unha corporación lalinense, cargándose un avance polo que loitaron no pasado e seguen loitando na actualidade localidades de toda Galicia, entre elas a de Tui e Vigo que fixeron realidade dun xeito moi posterior a Lalín.

A escenificación do peche da aula da UNED, por parte do daquela tripartito máis o BNG, produciuse na sesión plenaria do mes de agosto de 2015, a raíz da presentación dunha moción do PP. Os presuntamente progresistas CXL, PSOE, BNG e APAC, nun primeiro esbozo do que sería o goberno actual, esgrimiou entre os argumentos para o peche o pagarlle aos potenciais usuarios da UNED un autobús para que estudaran fora de Lalín Toda unha “*lección de progreso*” do goberno lalinense. Nun momento en que a tendencia é incrementar servizos, o que decidiron precisamente foi o contrario, suprimir unha oferta educativa que outros concellos quixeron para si e apostaron por manter pese ás dificultades.

En outubro de 2015, tras unha decisión con tinguiduras puramente políticos e revisionistas e non tomados dende un punto de vista social e racional cos obxectivos propios dunha administración, o goberno resultante da suma dos partidos políticos perdedores das eleccións cumpría o seu obxectivo ao certificar a xunta reitora da UNED a resolución do convenio co Concello de Lalín. Unha decisión sen precedentes para un Concello de corte, presuntamente, progresista.

Escasos meses despois de que Lalín perdera a Aula asociada da UNED, a Deputación de Pontevedra anunciaba un convenio co Concello de Vigo, asinado en abril de 2016, polo que o organismo provincial invertía na nova sede da Aula asociada de Vigo –que se puxo en marcha en 2013- preto de 800.000 euros para as novas instalacións. Unha colaboración semellante permitiría o funcionamento da Aula lalinense durante 15 anos, e que o goberno de BNG e PSOE na Deputación e o PSOE no Concello de Vigo non dubidaron nin un momento en acometer para ofrecer este servizo aos seus veciños.

Da Aula da UNED de Lalín queda un edificio *cuasi* baleiro e a partida que no seu momento destinaba o goberno popular ao funcionamento da mesma e da que só un 10% foi destinada ao transporte universitario, o principal argumento esgrimido polos concelleiros en sede plenaria. Dos 10.000 euros de 2014, o actual goberno pasou a 15.000 euros, quedando os 40.000 euros restantes destinados a outras cuestións que nada teñen que ver coa formación.

Un ano e medio despois do peche da Aula da UNED, ademais de perderse a posibilidade de que os alumnos –nunha cifra sen cuantificar debido a que no último ano de actividade da Aula de Lalín reducírase o número de alumnos en todos os centros asociados, volvendo a aumentar nos cursos 2015-16 e 2016-17- cursaran estudos universitarios en Lalín, tamén se perdeu a importante relación entre o mundo universitario e o mundo da empresa a través das numerosas charlas, conferencias e xornadas que se celebraban ao abeiro do funcionamento da Aula asociada en Lalín. Todo elo, polo presunto aforro que xustificou o goberno ao pechala Aula e que, sen rubor, se destinou por parte deste goberno en outras partidas moito máis superfluas e para nada comparables na súa rendibilidade social.

Para quen se preza de defender a cultura por enriba de todo, que se gaba de poñer o social por diante do demais e pon no tema educativo unha das súas prioridades, semella, co paso dos meses, unha decisión tomada dende o revisionismo, desprezar o traballos de moitas persoas, e o capricho por acabar co realizado por outros. Unha decisión populista e apoiada máis na necesidade de facerse ver que nunha decisión de xestión axeitada aos tempos. Decisión que fixo moito ano a persoas, que solo podía facer curso na Aula UNED de Lalín, e que dende entón no tiveron máis oportunidades fa realizar máis actividades formativas e de currículo persoal.

A vista do exposto, e considerando a necesidade real de recuperar un servizo, socialmente útil, que nunca se tivo que ter perdido. Que se perdeu por unha decisión puramente revisionista e de autoafirmación política.

Vendo os importantes investimentos realizados pola Deputación de Pontevedra en Aulas moito máis novas que a que había en Lalín, e que con menos do 10% do investido en elas, funcionaría a aula lalinense sen ten que buscar desculpas.

Por todo elo, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Instar ao goberno municipal a que inicie negociacións cos responsables da UNED de Pontevedra para volver a por en marcha a Aula Asociada da UNED de Lalín para o curso académico 2017-2018.

Segundo.- Instar ao goberno municipal que esixa á Deputación de Pontevedra a partida necesaria para o funcionamento da Aula da UNED lalinense nos vindeiros cursos, do mesmo xeito que fixo un importante investimento para o acondicionamento das instalacións da Aula asociada de Vigo.

Terceiro.- “No caso de que a Deputación de Pontevedra non colabore para cofinanciar a aula da UNED, instar ao goberno municipal a facerlle fronte economicamente ao custo con fondos municipais”.

14.- MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR Á REAL ACADEMIA GALEGA A DEDICACIÓN DO “DÍA DAS LETRAS GALEGAS” A MANUEL DANIEL VARELA BUXÁN.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 15 de febreiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 1080. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 20 de febreiro de 2017.**

Dende o PP, defendeu a moción o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias.** Explicou que no acto celebrado en Cercio en homenaxe a *D. Manuel Daniel Varela Buxán*, falou *D. Daniel González Alén*, ao que el consideraba o cronista oficial da vila. Cronista de feito aínda que non o fose de dereito.

Neste intre, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que era o cronista oficial para o PP, porque para os demais partidos era un debate que non se levou a cabo. Considerou que non se debían dar títulos así.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que era un título informal, aínda que el sempre dixo que *D. Daniel González Alén* foi o cronista oficial da vila.

Explicou que no acto de homenaxe a *D. Manuel Varela Buxán*, no uso da palabra *D. Daniel González Alén* indicou que o Día das Letras Galegas debía adicárselle a dito autor, posto que no tocante ao Teatro era “do mellorciño deste país”. *D. Daniel González Alén* lamentou a falta de recoñecemento que tiña dito autor e que como veciños seus, se debía impulsar.

O voceiro popular estaba totalmente de acordo co dito por *D. Daniel González*

Alén.

Recordou que nese mesmo acto, o Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, facendo uso da palabra despois de **D. Daniel González Alén** afirmou que estaba de acordo.

Despois dun par de meses, non vían resultados e a pesar de que o *Sr. Alcalde* dixo que falou ca Real Academia Galega en persoa, non falou co Conselleiro competente.

Ante o paso do tempo presentaron a moción para obter resultados. Crían que era a súa obriga porque **D. Manuel Varela Buxán** era veciño da Estrada e traballou e viviu en Lalín.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, afirmou que o contido da moción lle parecía ben e que o seu voto ía ser favorable.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** contou que estivo na casa de **D. Manuel Varela Buxán** moitas veces cando era cativo, acompañando a seu pai. Tíñalle o máximo respecto a el, a súa familia e á súa obra.

Lembrou que falou co Presidente e o Secretario da Real Academia Galega deste tema, os cales se mostraron agradecidos coa proposta.

D. Xosé Crespo Iglesias preguntoulle ao *Sr. Alcalde*: ¿porque non presentou unha moción ao respecto entón?.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** contestoulle que no Concello de Lalín xa se presentaron mocións ao respecto deste tema e por iso trasladou a cuestión a quen tiña poder para levala a cabo.

Recomendoulle á oposición que lesen a obra de dito autor e non só falasen del.

A Concelleira popular, **Dª Eva Montoto Méndez** interviu porque considerou que o comentario do *Sr. Alcalde* era unha falta de respecto ao seu grupo.

D. Xosé Crespo Iglesias pediu intervir por alusións. Dixo que cada vez que falaban de alguén, o *Sr. Alcalde* sempre dicía que xa estivo na casa desa persoa.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediu respecto para a súa familia.

Contestou **D. Xosé Crespo Iglesias** precisando que non estaba falando da súa familia, senón só del. Dixo que se estaba a indicar que sempre “*quería quedar por encima e ser sempre máis*”.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** salientou que o cadro que estaba no Pleno colgado de **D. Xosé Crespo Iglesias** mostraba un ego máis que palpable.

Rexeitou isto **D. Xosé Crespo Iglesias**. Dixo que iso non era así xa que os cadros que estaban no Pleno eran dos Alcaldes do Século XX, entre os que estaba el. Recriminoulle novamente ao Sr. Alcalde a súa actitude de: “*e eu máis*”. Tamén criticou

que o *Sr. Alcalde* falaba de que era republicano pero facía fotos co *Rei, D. Felipe VI*. Era incongruente.

D. José Antonio Rodríguez Fernández interviu para dicir que os voceiros se moderasen no debate.

O *Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* díxolle que o moderador era el, e que non tiña a palabra, de xeito que quen continuaba coa quenda era o voceiro do seu grupo, *D. Xosé Crespo*.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que non ía continuar coa súa quenda posto que xa non tiña máis que dicir.

Pedi a palabra a Concelleira Delegada de Cultura, **Dª Lara Rodríguez Peña** para destacar que estaba a favor desta proposta á RAG de *D. Manuel Daniel Varela Buxán* como homenaxeado do día das Letras Galegas.

Recordou que no ano 2.014, se presentaron como propostas para ser homenaxeados pola RAG, nunha moción no Pleno a *D. Manuel Varela Buxán, D. Ramón Aller e D. Ramón de Valenzuela*. Por unanimidade acordouse que fose só *D. Ramón de Valenzuela* o persoeiro que se ía propor á RAG. Se ben, a pesar de aprobar dita moción, non se fixo nada ao respecto desta proposta.

Fixo fincapé en que era importante crear unha rede social que prestase o seu apoio con asociacións e demais para defender a candidatura de *D. Manuel Daniel Varela Buxán*.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que a proposta de *D. Manuel Varela Buxán* se solicitou con anterioridade e por unanimidade da Corporación no ano 1.999.

No ano 2.009 fixéronse os actos de conmemoración do centenario e despois no ano 2.014, na moción pedíanse tres persoeiros, e por unanimidade, propúxose a *D. Ramón de Valenzuela* porque estaba vivo *D. Xosé Neira Vilas*, que defendeu a proposta logo como puido.

Foi *D. Xosé Neira Vilas* quen lle comentou que non gustaba á RAG que se propuxesen continuamente autores para ser homenaxeados, posto que dende cada Concello se defendía que eran mellores os seus autores autóctonos.

Neste punto discrepou **D. Nicolás González Casares**. Consideraba que como dramaturgos había autores mellores en Galicia que *D. Manuel Varela Buxán*.

De novo **Dª Lara Rodríguez Peña** insistiu na necesidade de crear unha rede social que prestase o seu apoio á proposta.

Só coa proposta política non sempre era suficiente, pero co apoio social necesario si se ía poder levar a cabo a proposta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do

BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a moción co seguinte contido:

MANUEL DANIEL VARELA BUXÁN naceu na aldea de Salouzáns, parroquia de Lamas e municipio da Estrada o 2 de marzo de 1909. Sendo neno os seus pais, caseiros, instaláronse na parroquia de Cercio, no lugar das Pallotas. Aos vinte anos emigrou Varela Buxán a Bos Aires, levando as cuartillas dunha obra de teatro <Se o sei... non volvo a casa>, co tesón e devoción galeguistas” que amosou na súa vida. Xa no 1938 forma a Compañía de Teatro Galego “Maruxa Villanueva”.

Alternaba entón a súa vocación teatral na súa dobre vertente de autor e director coa de condutor de autobús. Tería que superar múltiples dificultades para que a Compañía lograra debutar. Dise que *Varela Buxán* chegaría incluso a empeñar a súa máquina de escribir antes de que o seu desexo se vise realizado.

Ademais da totalidade das obras de Varela Buxán a Compañía “Maruxa Villanueva” representou por vez primeira en 1941 a obra de Castelao “Os vellos non deben de namorarse”, converténdose así en patriarca do teatro galego na emigración arxentina. Castelao profesaba a Varela Buxán unha grande amizade co que lle chamaba cariñosamente <o filósofo do arado> pola súa inclinación cara á vida campesiña.

Na súa obra incídese na influencia das Terras do Deza. A toponimia desta zona é nomeada polo autor frecuentemente, e ademais nos seus traballos literarios quedan reflectidas os costumes das parroquias dezás.

En 1950 volve *Varela Buxán* a Galicia e afíncase na parroquia de Santiago de Cercio “na que tratou de lograr varias melloras para o vecindario, que sempre se amosou agradecido e respectuoso para con *Varela Buxán*” e onde chegou a exercer a profesión de practicante (en Cercio coñecíano como “Daniel o practicante” ou como “Daniel das Pallotas”). A *Varela Buxán* se debe o impulso á construción en Cercio do primeiro local de escola que fixo a administración no Concello de Lalín, así como da constitución da Asociación Cultural “A Carballeira de Cercio” en 1974, que acaba de cumprir 40 anos. Segundo ten apuntado o cronista do Concello de Lalín, *Daniel González Alén*, “Cercio é a patria de *Varela Buxán*” que sinala que “se nun espazo hai que encaixar a *Varela Buxán* ese é Cercio”. De feito, o colexio de Cercio leva o seu nome e nesta parroquia está enterrado.

Ademais *Daniel Varela Buxán* creou en Lalín a compañía de teatro “Os Labregos” e escribiu artigos e colaboración en diversos diarios e revistas galegas e representou diversas obras como <Se o sei... non volvo á casa> no 1954 no Cine Balado ou <¿Pista ou peste?> en 1956 representada polos veciños de Cercio.

O Concello de Lalín aprobou o 2 de marzo de 1977 o expediente para o nomeamento de *Manuel Daniel Varela Buxán* como “Fillo Adoptivo de Lalín”, que sería tres anos máis tarde, pregoeiro da XII edición da Feira do Cocido.

No dito documento faise fincapé en que “o seu teatro, que oxalá sigamos coñecendo, é unha lección de comprensión desa Galicia que inventou unha arte no diálogo e unha cadencia netamente teatrais”. “A súa vida plenamente dedicada a Galicia, nun afán de altruísmo, poucas veces comprendido, xamais se verá recompensada nin pagada”, recolle a proposta para o dito nomeamento.

Entre os principais méritos para darlle a distinción de Fillo Adoptivo cítase que “Lalín pobo e a Comarca na que *Varela Buxán* residiu nos últimos vinte e sete anos e Galicia, pola que tanto loitou, están en débeda con el”.

No ano 1999, a corporación municipal de Lalín aprobaba unha moción, a instancias do grupo de goberno do Partido Popular, na que se pedía para este ilustre escritor de Cercio o Día das Letras Galegas, unha petición tamén aprobada e remitida polo Concello de A Estrada.

Tamén o Concello de Lalín, a través da súa radio municipal, Radio Lalín, lle dedicou en 2009 un programa monográfico a *Daniel Varela Buxán* con motivo do centenario do seu nacemento.

Con motivo dese centenario, a Asociación Cultural A Carballeira de Cercio, a Asociación de Mulleres en Igualdade de Cercio e grupo de baile e Música Tradicional A Carballeira auténticos dinamizadores culturais e sociais da citada parroquia que fora residencia do escritor, remitían unha misiva á Real Academia da Lingua Galega, recollida polos medios de comunicación, na que expoñían que: “*Consideramos que é unha inxustiza que o home que escribiu para o pobo chan, que o escritor que achegou o teatro galego á aldea non fose aínda recoñecido coas Letras Galegas*”.

Na súa carta, as asociacións defendían que “*El foi o home no que confiou Castelao para dirixir e por en escena a obra raíña do teatro galego «Os vellos non deben de namorarse» e el foi o fundador e impulsor da primeira compañía de teatro galego. Ninguén debería esquencerse do traballo que fixo este home, xunto con actores recoñecidos como Fernando Iglesias Tacholas, ou a súa primeira muller Maruxa Villanueva, por manter o galeguismo en Hispanoamérica e por, a pesares dos avatares da ditadura loitar porque o pobo xa en Galicia se rebelara e seguira lendo, escribindo e falando en galego*”.

En novembro de 2014, a Alcaldía de Lalín presentaba unha moción para solicitar o Día das Letras Galegas para tres ilustres das letras da nosa comarca: Daniel Varela Buxán, Ramón María Aller e Ramón de Valenzuela Otero. Na tramitación plenaria, e para obter a unanimidade da corporación ante as observacións formuladas dende a oposición, retiráronse os nomes de Ramón Aller e Daniel Varela Buxán, para chegar a un acordo unánime en torno á figura de Ramón de Valenzuela.

Pola súa traxectoria vital a prol da lingua e cultura galegas -fundamentalmente, como precursor do teatro galego na emigración e logo, de volta á súa terra Galicia, como impulsor de diversas iniciativas de ámbito cultural-galeguista como, por exemplo, da constitución da Asociación Cultural “A Carballeira” de Cercio -parroquia de onde

partiu á emigración e na que se afincou ao regreso e onde está soterrado- entre outras moitas é polo que o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

Primeiro.- Solicitar á Real Academia Galega que teña a ben estudar a posible dedicatoria do “Día das Letras Galegas” nos anos vindeiros a Manuel Daniel Varela Buxán, á vista dos moitos méritos acreditados na difusión e promoción da lingua.

Segundo.- Solicitar o apoio dos Concellos de Deza e Tabeirós que desexen adherirse a esta causa.

15.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO A IMPLANTACIÓN NO CONCELLO DE LALÍN DO REXISTRO ELECTRÓNICO, CONSULTAS ELECTRÓNICAS E HABILITACIÓN DA SINATURA ELECTRÓNICA AOS TRABALLADORES MUNICIPAIS.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 20 de febreiro de 2017, presentada por urxencia. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 20 de febreiro de 2017.***

Defendeu a moción o Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García.*** Consideraba que acadar información por parte do *Sr. Alcalde*, ou de quen procedese, era unha *“loita titánica”*. Por iso ía seguir insistindo en certas leis e certos procedementos que se debían regular, xa que se carecía dun Regulamento Orgánico do Concello e o ROF non contiña normativa sobre as novas tecnoloxías.

Explicou con detalle o contido da moción. Coa mesma pretendía criticar a falta de transparencia e dos impedimentos que se lle poñían por parte do goberno.

Dixo que ía solicitar un Informe da Secretaría Xeral sobre a viabilidade legal da moción como primeira proposta do Regulamento Orgánico do Concello. A elaboración do mesmo foi aprobada por unha moción en sesión plenaria. Aínda non se elaborou e estaba en fase embrionaria.

Dende o PP, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** explicou que durante a sesión das Comisións Informativas, o Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías dixo que a Administración Electrónica estaba en marcha.

Moitos Concellos xa buscaron unha forma que permitise comunicarse telematicamente, e consideraba que era necesario para rematar con problemas de *“dimes e diretes”* sobre prazos de presentación de documentación e mocions entre os distintos grupos políticos. Adiantou que ía facer un rogo ao respecto.

Afirmou que cando o seu grupo deixou o goberno lalinense, estaban presupostados 50.000 euros para a implantación da Administración Electrónica e ía comprobar se se gastaron ou non.

Parecíalle correcto o contido da moción como apoio á Administración Electrónica e Telemática en xeral.

O Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías, ***D. Tomás Vilariño Fidalgo,***

afirmou que a vontade do goberno era cumprir a Lei 39/2015 en vigor dende o día 3 de outubro de 2016. Procedeu a detallar os avances do goberno na materia.

Explicou que os traballadores municipais informaron ao goberno de que a Deputación de Pontevedra ía licitar para tódolos Concellos da provincia de Pontevedra unha Plataforma para ter Administración Electrónica con tódalas funcionalidades.

Por parte do goberno elaborouse unha Memoria pola cal sería necesario un orzamento de 40.000 euros soamente para implantar o Rexistro Electrónico. Tal Memoria non chegou a presentarse ao poder contar cunha Plataforma totalmente gratuita por medio da Deputación de Pontevedra.

Sinalou que o Concelleiro non adscrito non tiña en conta, na súa moción, outras cuestións legais que había que cumprir como a LOPD. Ademais falaba na moción do correo electrónico, e este era un servizo que non era fiable, porque non sempre funcionaba correctamente.

Na Lei 39/2015 só se refería ao correo electrónico para poder enviar avisos de que existían notificacións, pero estas, debían consultarse nunha Sede Electrónica que permitise ter constancia do acceso e lectura da notificación.

O correo electrónico non era fiable e estaba excluído da validez legal como servizo das notificacións.

Para poder empregar o correo electrónico a efectos de notificacións, a alternativa sería empregar un servizo dun terceiro que actuando “*como notario*”, garante a validez da documentación e da recepción do correo electrónico. Estes servizos de terceiros tiñan un custo de subscripción anual. Non consideraba necesario gastar fondos nos mesmos, porque xa existía un cronograma de traballo coa Deputación de Pontevedra para a implantación da Administración Electrónica.

Nunha segunda quenda de palabra, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, afirmou que non se estaba a debater sobre se o correo electrónico era máis ou menos seguro, nin se estaba ou non habilitada a recepción.

Considerou que se podía regular, sen estar regulado neste momento, que por Decreto de Alcaldía se puidese proceder á recepción de documentación por correo electrónico. Era tan fácil como delimitar, porque aínda que o correo electrónico non fose a forma máis fiable de proceder a realizar notificacións ou recibir documentación, era factible, se se esixía a confirmación da recepción do mesmo.

Existía a capacidade de regular a forma de realizar comunicacións entre o integrantes da Corporación Municipal. Ademais non necesitaba nin esixía que os documentos que se lle enviasen, estivesen firmados dixitalmente.

Interviu o *Sr. Secretario* para dicir que o contido da moción era correcto a nivel legal:

- No ano 2013 aprobouse a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que outorgaba un prazo de dous anos aos Concellos para adaptala.

- No ano 2015, aprobouse a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que concedía un prazo dun ano máis á Administración.

Neste prazo o Concello acolleuse ao Plan da Deputación Provincial de Pontevedra para a implantación da Administración Electrónica.

Este Plan tiña un programa no que se prevía unha distribución do tempo e do espazo, indicando os días que lle correspondían ao Concello de Lalín por cada Departamento. Dito Plan tiña importancia en relación coa moción, porque das palabras ditas por *D. Juan José Cruz García*, se deducía que había dúas partes a explicar: Por unha banda, para o Rexistro Electrónico era necesario un programa mediante a Plataforma da Deputación para o control da sinatura electrónica, cuns códigos, uns requisitos e unhas condicións. Por iso non se podía admitir ningún documento asinado dixitalmente, que non se presentase sen ditos requisitos e mediante o control da firma dixital a través de dito Programa. Por outra banda, o feito de enviar a documentación vía correo electrónico, podería ser factible unha vez escaneada. No tocante á redacción da parte dispositiva da moción, non era axeitado o verbo “*solicitar*”. Debía modificarse polo verbo “*instar*”.

D. Juan José Cruz García, contestou que non tiña inconveniente en ir modificando a redacción da moción segundo fose necesario.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que dado que o Concelleiro non adscrito era quen presentou a moción, tiña a última quenda de palabra para explicarse. Seguidamente deulle a palabra ao voceiro do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias**.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que tras escoitar ao Concelleiro Delegado, o mesmo recoñecía que non se estaba cumprindo a Lei. A pesar de que comprendía o que dito Concelleiro Delegado explicou, pediulle ao goberno reflexionar, posto que de estar en posicións cambiadas, ían criticar ao PP. En tódolos Concellos había dificultades para cumprir a lei, pero reprochou que xa había catro meses que se lle explicara o mesmo e non se evolucionou dende entón.

Unha vez que, oído o *Sr. Secretario* se facía necesario cambiar o verbo “*solicitar*” polo verbo “*instar*”, pediu ao Concelleiro non adscrito que efectuase dito cambio na parte dispositiva da moción. Considerou que era máis axeitado o cambio verbal proposto polo *Sr. Secretario*.

Neste momento, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** quixo intervir pero o *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** díxolle que non tiña a palabra, posto que era a quenda do Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías, **D. Tomás Vilariño Fidalgo**.

O Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías, **D. Tomás Vilariño Fidalgo** aclarou que el non dixo que a firma CERES, como a do concelleiro non adscrito, non era válida, senón que na Lei de sinatura electrónica recoñecíanse tres tipos de sinaturas, e a de CERES sería o tipo que se coñecía como sinatura electrónica avanzada. Outra cuestión era que se quixese enviar documentación por correo electrónico. Este non sería o obxectivo da Administración Electrónica.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** interviu para dicir que o envío de documentación por correo electrónico era regulable no Regulamento Orgánico do Concello. Posto que dito Regulamento aínda non estaba elaborado, pero

se aprobou a súa elaboración nunha moción en sesión plenaria, propuxo que no mesmo se regulase o envío de documentación vía correo electrónico.

O *Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* reiterou que o Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* non tiña a palabra. Pediuille que deixase rematar a *D. Tomás Vilariño Fidalgo*, posto que logo podería rematar o debate.

Continuou *D. Tomás Vilariño Fidalgo* dicindo que chegaban tarde no tocante á Administración Electrónica porque en novembro quedaron a expensas de que a Deputación de Pontevedra establecese uns prazos para a implantación da mesma. Durante ese tempo, dende o goberno fíxose o traballo que se podía facer, sobre todo no tocante ao acceso ás Redes do Ministerio e á capacidade de almacenamento no CPD e con copias de seguridade. Estas cuestións eran importantes para a implantación da Administración Electrónica e que puidesen realizar o seu traballo, os traballadores municipais.

No tocante ao tema legal para evitar confusións sobre o envío de documentación ao correo electrónico, e sen faltar ao respecto ao *Sr. Secretario*, ante a especialidade da materia debía preguntarse esta cuestión ao Colexio Profesional de Informática ou a Bufetes especializados no tema.

O Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* matizou que a última responsabilidade era do Concello. Ademais era proba xudicial recoñecida por sentenzas.

D. Tomás Vilariño Fidalgo dixo que se podía enviar un documento perfectamente asinado por correo electrónico, pero isto non garantía que chegase ao seu destinatario.

O Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* volveu interromper ao Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías.

O *Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* recriminoulle ao Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* que non respectaba ao Pleno e que interrompía continuamente ao Concelleiro Delegado.

D. Tomás Vilariño Fidalgo explicou que á hora de realizar notificacións, unha persoa accedía co seu certificado a unha Sede Electrónica e iniciaba unha sesión, polo que se podía certificar que recibía e lía dita notificación. O correo electrónico non tiña estas garantías.

Todo o relativo á Administración Electrónica tiña que ir ligado a unha Sede e grazas á Deputación de Pontevedra íase poder facer sen o custo tan elevado que conlevaba só para o Concello.

Pechou o debate o Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García*. Afirmou que o debate da moción non era o que se estaba plantexando.

Aprobouse unha moción para elaborar e aprobar o Regulamento Orgánico do Concello. A través do mesmo podía regular como se interactuaba entre os membros

da Corporación vía telemática.

Aclarou que non quería remitir a moción cara o tema da Administración Electrónica, senón que o que pretendía era que se lle permitise poder optar ao que solicitaba na parte dispositiva da moción e poder regulalo no Regulamento Orgánico do Concello.

Finalmente pediu falar coa persoa que levou o tema de Novas Tecnoloxías durante o goberno do PP para aclarar se existían os 50.000 euros que estaban presupostados para a Administración Electrónica como dixo o voceiro popular.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por MAIORÍA dos asistentes ao Pleno da Corporación, APROBOUSE a moción do seguinte tenor:

As leis que entraron agora en vigor (día 2 outubro de 2016) e que modifican o procedemento administrativo son a Lei 39/2015 e Lei 40/2015. Onde se regula a presentación telemática de escritos e no artigo 14 da Lei 39/2015.

“Artículo 14. Derecho y obligación de relacionarse electrónicamente con las Administraciones Públicas.

1. Las personas físicas podrán elegir en todo momento si se comunican con las Administraciones Públicas para el ejercicio de sus derechos y obligaciones a través de medios electrónicos o no, salvo que estén obligadas a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas. El medio elegido por la persona para comunicarse con las Administraciones Públicas podrá ser modificado por aquella en cualquier momento.

2. En todo caso, estarán obligados a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento administrativo, al menos, los siguientes sujetos:

a) Las personas jurídicas.

b) Las entidades sin personalidad jurídica.

e) Los empleados de las Administraciones Públicas para los trámites y actuaciones que realicen con ellas por razón de su condición de empleado público, en la forma en que se determine reglamentariamente por cada Administración”.

“Artículo 26. Emisión de documentos por las Administraciones Públicas.

3. No requerirán de firma electrónica, los documentos electrónicos emitidos por las Administraciones Públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, así como aquellos que no formen parte de un expediente administrativo. En todo caso, será necesario identificar el origen de estos documentos”.

A obrigatoria implantación da Administración Electrónica (é un tema respecto do que o Concello de Lalín, na miña opinión, vai moi atrasado).

Os meus dereitos como Concelleiro están por riba dos que teño como cidadán; como Concelleiro teño que ter en conta o establecido no artigo 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, nos arts. 14 a 17 do ROF (RD 2568, de 28 de novembro de 28 de novembro), e na reiterada Xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo que case sempre lle da a razón ós Concelleiros que reclaman (con base no art. 23 da Constitución Española, que regula un dereito fundamental), contra a denegación ou contra as dificultades que se lle poidan poñer para acceder a toda a información que obre en poder do Concello e que sexa precisa para o exercicio das miñas funcións (mesmo sen necesidade de motivar a solicitude, dicindo para que se vai a utilizar).

Malia que me consta que é unha loita "titánica", entendo que, como cidadán teño que ter en conta non só o que establece a Lei 39/2015, que cito, senón tamén a Lei Estatal 19/2013, de 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016, do 18 de xaneiro (DOG 15-2-2016), de transparencia e bo goberno.

Non quero esquecerme de dicir que o art. 22.1 da Lei 19/2013 que citei establece que ó acceso á información realizárase preferentemente por vía electrónica; entendo que si así é para o cidadán de a pé, con moito mais motivo debería ser para un Concelleiro que está a exercer un dereito fundamental (o do art. 23 CE), como xa indiquei.

Á vista do anteriormente exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

- Instar con carácter de urxencia (ao entender que o ROF non trata este tema minuciosamente, e que ao non ter un regulamento orgánico do concello en Lalín que poida regular este apartado entre outros moitos) que desde o día seguinte a este pleno (de ser aprobada esta moción), (ao entender que para a simple consulta non precisa de firma dixital) se regule o modo de relacionarse dos membros do pleno coa administración; que se determine que os empregados públicos teñen obriga de entregar os documentos solicitados ao alcalde (para a consulta e control) nun prazo dun mes contado desde o día que acredite a firma dixital no documento de solicitude de información recibido, axilizando os trámites de visualización de expedientes, e ou entrega (vía telemática por email) de documentos que solicite calquera membro deste pleno; cumprindo así o dereito e obriga de relacionarse electrónicamente coa administración pública.

- Instar que se habiliten de firma electrónica antes de rematar o mes de Marzo de 2017 a tódolos empregados públicos do Concello de Lalín.

- Instar que da documentación que pida a oposición se nos dea copia de todo pola vía solicitada polo demandante (por email ou copia física) (segundo o concelleiro demande), e se fora preciso quede en custodia da policía local (as copias) para recollela en horario non laboral (fotocopias etc).

- Instar que se habilite email para rexistro de escritos telemáticamente, ben sexa a través do funcionariado do rexistro do concello ou a través da secretaria xeral do Concello.

- Instar que todas as firmas ou certificados electrónicos con validez legal teñan validez neste concello desde logo os do CERES iniciativa posta en marcha pola administración, liderada pola Fábrica Nacional da Moeda (FNMT-RCM).

- Solicitar informe á Secretaria do Concello e á Asesoría Legal do Concello da viabilidade legal desta moción.

16.- MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR Á DEPUTACIÓN UN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ESPECIAL PARA FACER FRONTE AOS DANOS PRODUCIDOS POLOS TEMPORAIS. TRÁMITE URXENTE.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 16 de febreiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 21 de febreiro de 2017 co número 1212, tramitada por urxencia.

Defendeu a moción **D. Xosé Crespo Iglesias**, que explicou que esta era unha moción que presentou o Partido Popular en toda a provincia de Pontevedra. Respondía ao feito de que durante o temporal, o principal activo que tiña a Deputación para facer fronte ás vías provinciais de titularidade provincial, que eran as máquinas do Parque de maquinaria, estiveron paradas. O Parque de maquinaria estivo pechado dende o venres dende as 15:00 horas ata o luns, a pesar da alerta meteorolóxica. Non houbo previsión de ningún tipo.

O goberno lalinense sempre culpaba á Xunta de Galicia pola súa actuación ante o temporal e a pesar do que acababa de dicir, non se culpaba á Deputación Provincial, tendo en conta que as máquinas estiveron paradas.

A Xunta de Galicia debía prestar apoio ante a situación de temporal, pero tamén a Deputación de Pontevedra que non cometeu para nada o seu cometido como institución provincial.

Pretendíase coa moción axudar a paliar os danos dos temporais e criticar que dende a Deputación non se xestionou correctamente a axuda aos pequenos e medianos Concellos.

Engadiu que no Plan Concellos se prexudicou a Lalín no reparto de fondos, e polo tanto, co arranxo derivado do Auditorio Municipal, a Deputación subsanaría este prexuízo no reparto de fondos.

Reiterou que era unha moción de partido, con dous puntos na parte dispositiva aos que lle engadían, dende o PP de Lalín, como emenda, un novo punto co seguinte contido:

“Que a cantidade de 173.000,00 euros que deixou de percibir o Concello de Lalín no Plan Concellos, lle sexa dada ao Concello lalinense, a maiores da cantidade destinada ao mesmo polo Plan Concellos, para o arranxo do Auditorio Municipal Lalinense”.

Sometida a votación ordinaria a URXENCIA mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **RATIFICOUSE A URXENCIA** da moción.

Na súa quenda, o concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, dixo que o punto engadido polo voceiro popular non constaba na moción que se lle entregou.

D. Xosé Crespo Iglesias explicou que ese punto llo engadiron dende o grupo popular lalinense á moción. Pediu o apoio do goberno lalinense e do concelleiro non adscrito para poder aprobar a moción.

Continuou **D. Juan José Cruz García**, que insistiu en que se pedisen fondos á FEMP e ao Estado mediante os fondos que se daban cada ano para arranxar os danos dos temporais. Recordou o compromiso da Presidenta da Deputación de Pontevedra para traer fondos para Lalín a través de Convenios e pediu que se insistise nesa cuestión para poder levar a cabo o saneamento na parroquia de Botos.

Pola súa banda, o Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** criticou o feito de que se trouxese a moción por urxencia á sesión plenaria, dado que el xa tiña a mesma desde facía dez días. Era a moción de partido, pero o contido era o mesmo, salvo o punto terceiro. Criticou a actuación dos representantes da Xunta de Galicia o día do temporal por non estar a pé de rúa cos cidadáns como fixo o goberno lalinense e a maioría dos representantes do pobo ese día. Ademais que a Xunta de Galicia era a principal responsable das actuacións a levar a cabo nos temporais. Explicou que a FEMP non tiña fondos nin pide axuda, en todo caso, será a FEGAMP e a Xunta de Galicia a que debía solicitar fondos ao Estado.

Neste punto, o concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** entrevistou e **D. Nicolás González Casares** dirixiuse a el dicindo: “cala, tránsfuga”.

D. Juan José Cruz García pediulle entón que repetise que chamou terroristas a dous veciños de Lalín.

Ante o ton do debate, entrevistou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** que lle retirou a palabra ao Concelleiro non adscrito.

Continuou falando **D. Nicolás González Casares** pero o Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* interrompeuno.

Ante tal feito, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* chamou á orde por primeira vez ao Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García*.

D. Nicolás González Casares dixo que as árbores caídas nas estradas da Xunta de Galicia, por mor do temporal, tiveron que retirarse por traballadores do Concello de Lalín ante o feito de que durante varios días estiveron sen recoller. Criticou que a Xunta de Galicia era a responsable de establecer liñas de axuda para os cidadáns e para os Concellos por lei, mentres que a Deputación tiña que colaborar.

D. Xosé Crespo Iglesias pediu que non fosen inxustos coa Xunta de Galicia, porque Lalín era un Concello privilexiado ao contar co GES. Custou moito negociarlos, e no Convenio obsérvase que os traballadores do GES estaban pagados con fondos da Deputación, do Concello e da Xunta de Galicia, pero a financiación en maior parte da Xunta de Galicia. O día do temporal debían actuar os GES en todo o ámbito comarcal.

Insistiu en que era importante o contido do terceiro punto que engadiron como emenda dende o PP de Lalín.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* indicou que non ía dicir nada para rematar o debate. Sen máis dilación, procedeuse a efectuar a votación.

Sometida a votación ordinaria a emenda, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes **APROBOUSE** a emenda.

Sometida a votación ordinaria a moción coa emenda incorporada mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes **APROBOUSE** a moción coa emenda

incorporada, contando co seguinte contido:

O pasado día 1 de febreiro a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior de Galicia emitiu un aviso de alerta por episodios de fenómenos meteorolóxicos adversos, fixando un nivel de alerta vermella, que acadaría a súa máxima virulencia a partir dos xoves día 2, especialmente nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

Na provincia de Pontevedra cumpríronse as peores previsións, acadándose rachas de vento de máis de 150 quilómetros/hora e choivas que nalgúns puntos acumularon máis de 100 litros/m², provocando cuantiosos danos materiais ao longo de todo o territorio entre o xoves e o domingo, como caída de árbores, desbordamento de ríos, caídas de teitos e outras estruturas, ou desprendementos de taludes nas estradas.

A provincia de Pontevedra foi a máis castigada de toda Galicia, como o demostraban as cifras rexistradas na Axencia Galega de Emerxencias, que a través do 112 rexistrou nesa fin de semana máis de 2.000 incidencias.

Os concellos da provincia de Pontevedra víronse desbordados polas numerosas incidencias que tiveron que atender, no só para repoñer e asegurar os bens de titularidade municipal, senón tamén para atender aos veciños que sufriron a virulencia do temporal nos seus propios inmobles.

Pola súa parte, a Deputación de Pontevedra, pese que coñecía con suficiente antelación as previsións de temporal con nivel de alerta vermella, e pese a que viu como cada día os danos provocados polo temporal ían en aumento en todo o territorio, non dispuxo de un operativo especial de actuación aproveitando os seus propios medios, nin para as estradas da súa titularidade, nin para auxiliar os danos que se estaban a producir nos concellos da provincia.

Durante toda a fin de semana que durou o temporal, o parque de maquinaria estivo pechado e coa maquinaria paralizada, pese a que dispoñen de máquinas suficientes con capacidade para dar resposta a moitas das incidencias que se producían: camións grúa, camións moto-bomba, máquinas varredoras de estradas, palas escavadoras, etc.

Aínda que as incidencias nas estradas provinciais foron numerosas, tampouco estiveron activas todas as brigadas de mantemento e conservación de estradas provinciais, o que obrigou a que os efectivos que si estaban traballando tiveran que redobrar esforzos, e tiveron que facelo, ademais, sen contar coa axuda que sempre lles prestou a maquinaria do parque provincial.

Por todo isto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a poñer en marcha un protocolo de actuación especial para facer fronte aos danos provocados por temporais, no que se dispoña da maquinaria e de demais efectivos cos que conta a

institución provincial, desde o primeiro momento en que se manifesten os danos.

Segundo.- Crear unha liña específica de axudas aos concellos para paliar os danos dos temporais.

Terceiro.- *Que a cantidade de 173.000,00 euros que deixou de percibir o Concello de Lalín no Plan Concellos, lle sexa dada ao Concello lalinense, a maiores da cantidade destinada ao mesmo polo Plan Concellos, para o arranxo do Auditorio Municipal Lalinense.*

17.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- CONCELLEIRO NON ADSCRITO, D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.-

1.1.- PREGUNTAS.-

1.- Preguntoulle ao Tenente de Alcalde, *D. Nicolás González Casares*, se o acusou en Pleno de definir, etiquetar ou catalogar de/ou como terroristas a veciños de Lalín.

D. Nicolás González Casares respondeu que o acusou de mesmo exactamente que as persoas que o levaron ao Xulgado.

2.- Preguntou se *D. Francisco López Cuiña* era primo do Sr. Alcalde, *D. Rafael Cuiña Aparicio*.

O Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuiña Aparicio* indicou que respondería por escrito.

3.- Preguntou cantas solicitudes máis, ademais da solicitude de *D. Francisco López Cuiña*, en materia de recoñecemento de antigüidade e abono da mesma, se fixeron efectivas.

O Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuiña Aparicio* indicou que respondería por escrito.

4.- Preguntou: ¿en caso de ser primos, tivo unha toma de contacto o Sr. Alcalde con *D. Francisco López Cuiña* para animalo a presentar a demanda de recoñecemento da antigüidade citada na pregunta anterior?.

O Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuiña Aparicio* indicou que respondería por escrito.

5.- Preguntou se desde o Concello se animou aos funcionarios a demandar o seu dereito de antigüidade.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que respondería por escrito.

6.- Preguntou se ía denegarlle o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, o informe do Secretario Xeral titular, sobre a súa expulsión do Pleno.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que respondería por escrito.

7.- Preguntou se existiu algunha dotación económica destinada á creación do Cartel da Feira do Cocido de Lalín.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que respondería por escrito.

8.- Preguntou se estaba regulado na actualidade, con algún tipo de base, a creación do Cartel da Feira do Cocido.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que respondería por escrito.

9.- Preguntou se o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, ía cumprir o que lle prometeu de deixarlle examinar os Expedientes que pedise os días de celebracións das sesións de Xunta de Goberno Local, antes da mesma.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que respondería por escrito.

1.2.- ROGOS.-

1.- Rogou ao Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, que había outros Concelleiros que tiñan mesturado temas nas exposicións durante os debates nas sesións plenarias. Por iso podía existir arbitrariedade na decisión de expulsión do Pleno. Pediu que o Sr. Alcalde lle pedise desculpas en público e recoñecese que soamente foi un enfado, xa que a relación entre ambos estaba deteriorada e non controlaba os seus impulsos nerviosos. Unha vez que o Sr. Alcalde se desculpase, esqueceríase o tema.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** quedou enterado.

2.- Rogou que se fixese unha campaña ou artigos en prensa para desdramatizar que se lle recoñeceu a D. Francisco López Cuiña a antigüidade, e se recoñecese que se podía negociar os tempos cos traballadores públicos, asumible pola economía do Concello de Lalín, de abonar a antigüidade aos funcionarios públicos.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** preguntoulle por qué facía referencias a D. Francisco López Cuíña, porque había que ser moi "miserable" para iso. Non era seu primo, era parente.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** dixo que quen facía os rogos e preguntas era el.

Neste intre o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** retiroulle a palabra ao Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**. Non obstante, seguidamente deixouno continuar coa súa quenda de rogos.

3.- Rogou que se fixesen as xestións para ver se era posible acadar achegas para o temporal por parte do Estado.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** quedou enterado.

4.- Rogou que trimestralmente, se lle entregase información do Censo de habitantes do Concello de Lalín coa poboación empadroada.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** quedou enterado.

5.- Rogou a **D. Nicolás González Casares** que deixase por escrito a acusación de que chamou terroristas a veciños de Lalín. En caso de que non recollese por escrito tal acusación, demandou que se desculpase publicamente.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** quedou enterado.

6.- Rogou que o Concello que actuase ante os pallets, que estaban causando conflito nas redes sociais, e permitise o uso legal da vía pública, de xeito que se se ocupase tal vía pública, se esixise licenza ou a autorización necesaria. De non ser este caso, que se posibilitase o que permitía a lei, o estacionamento, que non era o mesmo que a detención ou parada.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** quedou enterado.

7.- Rogou ao Concello que, se poñían en dúbida a súa firma electrónica, recorresen a lei e todo o sistema.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** quedou enterado.

Neste intre, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** dixo que ía formular unha pregunta.

Non obstante, dado que xa as formulara e estaba na quenda de rogos, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, retiroulle a palabra.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que se facía un uso arbitrario das quendas de palabra.

A continuación entrevistou o Sr. Secretario para explicar que os debates eran dirixidos polo Sr. Alcalde-Presidente. O Sr. Concelleiro non adscrito xa tivo unha quenda de preguntas e unha quenda de rogos.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que se equivocou e non ía formular unha pregunta, senón outro rogo.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio permitiu que formulase tal rogo.

8.- Rogou que nas redes sociais se fixese un comunicado para manifestar un rexeitamento total aos insultos fortes, proferidos nun post de *El Español* sobre un veciño de Lalín.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio quedou enterado.

9.- Rogou que *D. Nicolás González Aller* dixese cantos habitantes tiña a Comarca do Salnés.

D. Nicolás González Casares recriminou que o seu pai non estaba no Pleno.

1. O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, preguntou no caso de equivocarse, porque non se deu conta que foi así.

D. Nicolás González Casares díxolle que indicou mal os seus apelidos e dixo os de seu pai.

2.- PP. D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.-

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que, tal como se lle dixo pola Presidencia ao Concelleiro non adscrito, non se podían mesturar rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio dixo que o voceiro popular si podía mesturar rogos e preguntas.

D. Juan José Cruz García pediu que constase en acta que si había un trato arbitrario ao dicirlle o Sr. Alcalde ao voceiro popular "ti podes facelo", no tocante a mesturar rogos e preguntas.

2.1.- ROGOS.-

1.- Rogou que as preguntas que formulaba non se lle respondesen de xeito tan "esperpéntico" como en Plenos anteriores. De seguir así, ían repetir as preguntas que non se considerasen contestadas correctamente.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio quedou enterado.

2.- Rogou que non se lle volveuse contestar dicindo que se lle preguntase á Mancomunidade porque o seu deber era preguntar ao goberno lalinense.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio quedou enterado.

3.- Rogou ao goberno lalinense que non se lle entregase máis documentación en man para evitar posteriores problemas entre uns e outros. Pidiu que mellor se lle enviase por correo electrónico ou rexistro de entrada.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio quedou enterado.

4.- Rogou que se levase a cabo o Libro de Decretos, xa que así se acordou nun Pleno anterior e a día de hoxe non lles constaba que existise.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio quedou enterado.

2.2.- PREGUNTAS.-

1.- Preguntoulle a *D. Nicolás González Casares*, a raíz da fotografía feita deste e o Deputado *Sr. Santos Héctor* e a Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, *D^a Carmen Silva*, diante do Auditorio Municipal: ¿Cando fora feita a mesma nos actos da Feira do Cocido, antes ou despois da comida?.

D. Nicolás González Casares respondeu que despois da comida e coa finalidade de ver os danos causados polo temporal.

D. Xosé Crespo Iglesias preguntou desde onde lle ensinara os danos, se chegaron a entrar no Auditorio Municipal.

D. Nicolás González Casares dixo que llos ensinou desde fóra, dado que se vían perfectamente.

2.- Preguntou se a Deputación Provincial de Pontevedra ía achegar os fondos para arranxar o Auditorio Municipal, compensando deste xeito o que non lle deu no Plan Concellos.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio indicou que respondería por escrito.

3.- O pasado día 25 de xaneiro de 2017, o Sr. Alcalde reuniuse coa Sra. Concelleira de Medio Rural para abordar o tema da fusión das Cooperativas. Preguntou porque a dita reunión non asistiron nada máis que dúas Cooperativas, faltando Campodeza, Aproveza, Valle del Deza e O Rodo.

- Preguntou: ¿Cal fora o motivo polo que se criticou dende o goberno a falta de asistencia do Presidente da Cooperativa de Castro, se no goberno tiñan constancia da imposibilidade da asistencia de dito Presidente?.

- Preguntou: ¿Se o goberno cría que a mellor forma de unir as Cooperativas era criticalas por non facer aquilo que o lle mandaba ou quería dito goberno?.

- Preguntou: ¿Se o goberno cría que a fusión tiña que ser por imposición política ou debería facerse sen inxerencia directa política?.

- Preguntou: ¿Se non se daba conta de que con artimañas burdas estaban eliminando a posibilidade de que as distintas Xuntas Reitoras chegasen a un acordo, que xa de por si era difícil?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** respondeu que falou con todos os Presidentes das Cooperativas e todos quedaron de asistir á reunión, salvo o Presidente da Cooperativa de Castro que tiña xustificación. A pesar diso, logo non asistiron aqueles que quedaron de facelo, e tampouco xustificaron a súa ausencia.*

4.- Preguntou a canto ascendía a achega da Deputación Provincial de Pontevedra para a organización dos actos da Feira do Cocido e tamén a canto ascendía a achega para este mesmo fin, da Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia.

Preguntou en relación á Feira do Cocido, se o goberno cría correcto deixar o palco baleiro de personalidades políticas.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** respondeu que si. Ademais recriminou que se dixese por parte do voceiro popular que o Cocido estaba esmorecendo.*

D. Xosé Crespo Iglesias pediu máis respecto coa oposición, xa que cando o Sr. Alcalde dixo que ía baleirar o palco do Cocido de autoridades, estaba a referirse aos membros do PP. Por iso preguntou se cría que con ese sectarismo estaba axudando ao pobo de Lalín.

Preguntou se non lle daba vergoña e tristura estragar, pouco a pouco, o que tanto traballo que tantos anos e tanto sacrificio lle custou a moitos antes, e que xa estaba feito cando o goberno chegou á Alcaldía e que non valoraba nada.

5.- No tocante á depuradora de Zobra e vistas as respostas do Pleno anterior sobre a mesma, preguntoulle ao Concelleiro delegado, **D. Miguel Ángel Medela Dobarro**, se lle facía falta un Informe Técnico para saber se a Depuradora de Zobra tiña ramais.

Preguntou que era o que agardaban que contase no dito Informe Técnico, que pedían sobre esta cuestión, que non souberan xa.

Preguntou porque evitaban contestar unha pregunta cunha resposta incoherente, se ían formular de novo esa pregunta.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que respondería por escrito.

6.- Nunha entrevista realizada no Diario de Pontevedra, o Sr. Alcalde dixo textualmente sobre a relación de ambos: *"Depende do día. Gustaríame ter unha relación correcta con el pero agora mesmo é moi difícil. Penso que isto non cambiará ata que os dous deixemos o mundo da política"*. O voceiro popular dixo que nesta afirmación estaba de acordo co Sr. Alcalde ao cen por cen.

Non obstante non estaba de acordo con outra parte da entrevista, de tal xeito que continuou co dito polo Sr. Alcalde: *"Eu agora defendo os intereses do pobo de Lalín, nin os de Compromiso, nin os do BNG nin os do PP. En cambio, creo que Crespo antepón os intereses do Partido Popular aos dos cidadáns, do contrario xa teríamos aprobado o orzamento para o 2017"*.

Supuxo que o Sr. Alcalde se equivocou ao facer esa valoración, e dixo que catro meses despois da reunión convocada e á que asistiu, o PP a día de hoxe aínda non tiña nin unha soa copia do que podían ser uns orzamentos, sendo que ademais na reunión se lle dixo que nunha semana se lle daría.

Ademais visto o contido da entrevista, cría o Sr. Alcalde que o contido político e de marcada crítica á oposición, era o mellor xeito de potenciar a Feira do Cocido.

Brindou o seu apoio cara a Internacionalización da Feira do Cocido.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que o éxito dicía que estaban correctamente feitas as cousas en relación á Feira do Cocido e agradeceu o apoio do voceiro popular no tocante á internacionalización da mesma.

3.- PP, D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY.-

3.1.- PREGUNTAS.-

1.- En maio do ano 2016, dende o PP solicitouse ao goberno a elaboración dun censo de persoas maiores do Concello de Lalín. Despois de oito meses de atraso e despois da crítica formulada polo PP, publicouse nos medios de comunicación o resultado do devandito estudo.

- Preguntou se o goberno consideraba minimamente correcto ter ofrecido eses datos sen facer a máis mínima cita á petición do Partido Popular.

- Unha vez coñecidos os datos: ¿cal era o destino que lle ía dar o goberno municipal a ese censo?.

- ¿Pensaba o goberno que esa proposta se limitaba a facer unha estadística ou tiña máis que ver con programar unha serie de medidas para mellorar a vida das persoas maiores que viven soas?.

- ¿Fixeron algo nese senso ou só se pasou á prensa para intentar xustificar que fixeron o traballo para elaborar o citado estudo. No caso de ter feito algo, que profesionais se encargaron de executalo?.

- ¿Pensaba o goberno seguir fagocitando as propostas, as accións e os investimentos do PP sen que nin sequera se recoñecese o seu traballo?.

*O Concelleiro Delegado de Benestar Social, **D. Nicolás González Casares** contestou que ese censo non se elaborou mentres estaban os populares no goberno. Agora fíxose un estudo e explicou como se fixo o estudo cun corte de maiores de 75 anos, cunhas entre 500-600 persoas maiores que vivían soas. Con este estudo pretendíase saber quen eran as persoas maiores que vivían soas en situación de risco. Unha vez seleccionadas esas persoas maiores, crearíase un sistema de alerta temperá de chamada.*

4.- PP, Dª RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ.-

4.1.- PREGUNTAS.-

1.- Preguntou: ¿cal foi a achega do Concello de Lalín e da Deputación de Pontevedra á restauración da Igrexa de Vilatuxe?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** indicou que respondería por escrito.*

5.- PP, Dª EVA MONTOTO MÉNDEZ .-

5.1.- ROGO.-

1.- O PP tivo que solicitar ate en tres ocasións o uso do local para a celebración do Congreso de Novas Xeracións, tendo que celebrarse finalmente no Museo, a causa dunha avaría na que lle constaba que a Concelleira Delegada de Cultura, responsable do Museo pouca dilixencia puxo en solucionar para que se celebrase alí o acto unha vez se soubo do contido do mesmo. Pediu que as mesmas dificultades que se puxeron para este Congreso de Novas Xeracións, sexan iguais para outros Congressos que se celebren.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** quedou enterado.*

E, sendo as trece horas e corenta e oito minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas